


MARTÍNEZ SEGURA, Rafael (2019): *Diccionario temático comparado de refranes y paremias grecolatinas*, 3 tomos. Córdoba: Diputación de Córdoba. ISBN: 978-84-8154-562-3, 2074 páxinas.



Introito

Non sempre un lector, nunha especialidade calquera, ten o honor de saudar publicamente a aparición dunha obra transcendente e diferente a case todo o visto anteriormente entre nós. Para min, permanente aprendiz de filoloxía clásica e de paremioloxía, isto acontece con esta obra que vou comentar e que pon á vista do mundo hispano un inmenso tesouro conceptual paremiolóxico e, ademais, dunha forma non moi vista antes por estes lares.

Na voluminosa obra que vou comentar (3 tomos, 2074 páxinas), ofrécensenos documentados, clasificados e dispoñibles, coma nun moderno arquivo dixital, dezaioito séculos do pensamento

colectivo medio da sociedade grecolatina antiga e medieval comparado a outros mil anos máis do pensamento colectivo hispano de lingua castelá ou española: é dicir, dende Homero e Livio Andronico ata Unamuno, Martínez Kleiser, Gotzon Garate, J. Cantera Ortiz de Urbina ou H. Kocher. Non é un refraneiro grego, despois outro latino e, a seguir, outro castelán. Non. Trátase dunha única estrutura temática sobre a que simultaneamente se manifestan o refraneiro grego antigo, o latino de tódolos séculos e tamén o refraneiro castelán. Son tres linguas, de épocas distintas, nun único formato, nunha visión pancrónica. É unha arquitectura grandiosa que se estende sobre vinteito séculos.

Aquí, nesta obra está o que os devanceiros quixeron deixar escrito do seu pensamento, incluíndo nisto os valores, os desexos, os medos e mailos odios. O lector desta obra farase unha idea máis obxectiva tanto das grandezas do mundo grecorromano coma dos seus inseparables medos e horrores: *A nimia cum plebeio familiaritate caveto* (5591) “Gárdate da excesiva familiaridade cun plebeo” é só un exemplo case inocente, se o comparamos coas barbaridades ditas sobre a muller, que tanto fan sufrir aínda hoxe e que hoxe nos avergoñan tamén a moitos homes, aínda que estean redactadas en grego clásico ou en latín, nalgúns casos con pulcritude métrica. No mundo das paremias hai moita luz, moito sentido común,

pero tamén hai algunhas ferramentas perigosas. Aínda que nesta obra teñan que estar e están, mellor non enfocalas neste comentario, porque o maioritario é moito sentido común.

Esta obra de Rafael Martínez Segura, que ten diversos precedentes menores, é unha obra excepcional polo volume e pola calidade dos materiais expostos, pola distribución dese material e mesmo pola arquitectura do “edificio”. Se este tesouro, en vez de frases, fose de obxectos materiais da mesma antigüidade, de idéntico período cronolóxico (case 2800 anos) e das mesmas autorías, sería a noticia que abrise os telexornais de medio mundo, porque inmediatamente o Estado afortunado crearía un Gran Museo específico para exhibilo e converteríase nun atractivo cultural é turístico internacional do máximo nivel.

Pois iso é esta obra de 2074 páxinas. Un Museo Inmaterial da Hispana Grecolatinidade.

1. Unha obra de título inferior ó contido real

De cando en cando aparecen obras de título hiperbólico e superior ó contido real que encontramos dentro das súas páxinas: obras que nos evocan aquel aviso a escritores que Horacio, parafraseando a Esopo, nos deixou no verso 139 da *Ars Poetica* de Horacio (66-8 a.C.) *parturient montes, nascetur ridiculus mus* (“Os montes puxéronse de parto: vai nacer un ridículo rato”).

Neste caso é ó revés: o contido de *Refranes y paremias grecolatinas* é moi superior ó título por dúas razóns. A primeira é que, no corpo da obra, o cómputo sucesivo e conxunto de paremias gregas e latinas (páx. 1531) suma 11 300 e os refráns casteláns na mesma páxina chegan a 10 983. Pero os datos son lixeiramente diferentes nos índices alfabéticos por linguas que ofrece o tomo III: gregas, 1024 (páx. 1765); latinas, 10 777 (páx. 1789); refráns casteláns, 11 242 (páx. 1561). En calquera caso, a presenza de refráns casteláns acada o 48,7 %.

DÚAS CANTIDADES LIXEIRAMENTE DIFERENTES					
Paremias	Numeración na páx. 1531 final	%	Numeración nos índices tomo III	Datos das páxinas	%
gregas	11 300	50,71 %	1 024	p. 1765	4,44 %
latinas			10 777	p. 1789	46,76 %
castelás	10 983	49,28 %	11 242	p. 1561	48,78 %
TOTAL	22 283		23 043		

Táboa 1. Disparidade entre o número de paremias recollidas e a cifra indicada no índice.

Esta obra, en consecuencia, non só confronta as paremias de dúas linguas (latina e grega) senón de tres, porque confronta esas mesmas paremias cos refráns casteláns.

A segunda e principal razón, pola que o contido real desta obra é superior ó título salta á vista: o título desta voluminosa obra non especifica que tamén contén 10 983 (ou 11 242

segundo outro cómputo¹⁾) refráns casteláns recollidos do uso oral por moi diversos colectores históricos. Repárese en que este silencio deixa nunha discreta sombra as paremias castelás que representan un 48,78 % do total desta obra, sendo que dos textos casteláns hai maior garantía de que sexan refráns auténticos no sentido actual (anónimos, consabidos e documentados no uso espontáneo; non citas eruditas ou traducións).

Sorprende esta omisión do castelán no título dos refráns casteláns porque o autor tampouco afirma que todos sexan continuidade xenética, literal e semántica dos grecolatinos do mesmo grupo semántico, aínda que esa continuidade exista en moitísimos casos. Pero o autor non compromete o rigor da súa obra. Máis aínda, non deixa este asunto nun nebuloso dicir sen dicir: na *Introducción* (55-91) expresamente especifica (páxs 60-62) que as correspondencias castelás das paremias latinas son de diferentes tipos e graos:

correspondencias conceptuais, que expresan a mesma idea, a pesar de a expresaren de forma totalmente distinta dende o punto de vista lingüístico (78,5 %);

correspondencias literais (21,5 %): nestas distingue catro graos: as que son *tradución literal* (287 unidades), as *correspondencias propiamente literais* (621 un.), as *correspondencias case literais* (737) e *certa correspondencia case literal* (768).

Correspondencias literais	21,5 %	p. 60-62
Correspondencias conceptuais	78,5 %	p. 60
Tradución literal	287 unidades	páxs. 60-61
Correspondencia propiamente literal	621 unidades	páxs. 61-62
Correspondencias case literais	737 unidades	páx. 62
Certa correspondencia case literal	768 unidades	páx. 62

Táboa 2. Tipos de correspondencias entre grego, latín e castelán nesta base de datos (páx. 60-62).

Quizais ese 21,5 % de correspondencias literais (2413) decidiu o autor a non incorporar ó título da obra o adxectivo *españolas* ou *castellanas* e a deixar nunha discreta sombra unha parte importante do contido real, como feliz sorpresa para o lector. Aínda que este rigor teña a súa lóxica, eu ignoro se tódolos fraseólogos omitiríamos nunha obra deste volume o adxectivo que designa case a metade do contido real da obra. No inicio deste comentario quero destacar este sorprendente punto do título. Este excesivo rigor que o autor se impón lémbreme un refrán galego: *Mellor é que digan ¡Achegádevos acá! que ¡Ídevos alá!*²⁾

¹⁾ As cantidades totais de paremias son lixeiramente diferentes na numeración sucesiva no corpo da obra (que culmina a parte expositiva na p. 1531) e no que figura no inicio do listado alfabético de paremias de cada lingua: castelás (p. 1561), gregas (p. 1765) e latinas (p. 1789).

²⁾ Vénme á idea un consello que Paulo daba ós amigos que fixera en Filipos e que ben podería figurar entre os lemas iniciais da páxina 7: μηδὲν κατ' ἐπιθείαν μηδὲ κατὰ κενοδοξίαν ἀλλὰ τῇ ταπεινοφροσύνῃ ἁλλήλους ἡγοούμενοι ὑπερέχοντας ἑαυτῶν. *Nihil per contentionem neque per inanem gloriam sed in humilitate superiores sibi invicem arbitantes*. “Non fagades nada por retesía nin por fachenda. Que cadaquén pense humildemente que os outros son máis ca el”.

O autor evita de raíz ter que entrar a discutir ou demostrar se tal ou cal refrán castelán é fillo lexítimo de tal ou cal refrán grecolatino. Esta obra cumpre sobreabundantemente os obxectivos do seu título.

1.1. Organización. As fontes, a cantidade e o acceso a elas

É certo que algún libro parecido a este xa se fixera entre nós³ pero, ata onde eu sei, ningún acadara nin este volume de información nin esta precisión confrontando a cultura grecolatina coa cultura literaria española nin o rigor da estrutura que ten esta obra, que nós podemos manexar coma se fôsemos grandes eruditos. Explicarei por que.

As 1024 paremias gregas, 10 777 latinas e 11 242 castelás que nesta obra encontramos reunidas están sometidas a unha organización conceptual (que as emparella coa súa familia semántica), a unha organización xerárquica (que lles confire manexabilidade) e con comentarios, ata onde eu lin, nunca ociosos nin inmaturos. A lectura lineal dos dous primeiros tomos desta obra xa é moi luminosa porque está moi traballada; porque a información sempre compara ou contrasta paremias gregas con paremias latinas, e estas dúas con paremias castelás; porque a luz que resulta destas confrontacións ilumina moitos problemas e solucións alternativas da vida humana.

No corpo do libro as paremias gregas e as latinas levan unha numeración conxunta, mentres que as paremias castelás insírense a continuación daquelas, alí onde conceptualmente lles corresponde, pero cunha sangría específica que as destaca visualmente e cunha numeración diferente que acelera as relecturas e consultas desde os respectivos índices alfabéticos do volume III.

Facer fácil o difícil é proba de excelencia. E esta obra non limita o lector a un único tipo de consulta (como a maior parte dos dicionarios). Aquí, cada paremia (grega, latina ou castelá) leva cadanseu número identificador, común para gregas e latinas, pero distinto para as castelás; e este **número identificador** de cada paremia (grega, latina ou castelá) permitiulle ó autor elaborar tres índices que ofrece no Tomo III: das 1024 paremias gregas (páxs. 1765-1788), das 10 777 paremias latinas (páxs.1789-2016) e das 11 242 paremias castelás (1561-1764). Con estes índices o lector pode chegar no instante a calquera paremia grega, latina ou castelá tratada nesta obra.

Se a ordenación conceptual do material, que ocupa os tomos I e II está moi estudada e xerarquizada para ser plenamente útil a calquera que faga este tipo de consulta conceptual, con estoutra ferramenta dos índices alfabéticos por linguas (que no tomo III ofrecen a referencia numérica específica de cada paremia) o lector pode facer con enorme rapidez centos de buscas personalizadas, heteroxéneas e sempre diferentes das que xa ofrece a organización conceptual desta obra: en escasos segundos localiza a paremia que lle interesa alí onde está xerarquicamente estibada dentro da súa familia semántica. É imposible perderse. É imposible conseguir máis velocidade nunha edición en papel.

³ Lembremos, como exemplo, a precedente obra de Jesús Cantera (2005) *Diccionario Akal del Refranero Latino*. Akal: Madrid, que ten 416 páxs.

A velocidade de manexo bidireccional desta voluminosa obra en papel é un valor relevante. Eu non coñezo outra que nesta materia ofrezca acceso en tan poucos segundos a tal cantidade de paremias gregas, latinas ou castelás e onde, como digo, atopámolas rodeadas de toda a súa parentela semántica. Só unha edición electrónica podería superar esa velocidade.

Máis alá deste detalle, impresiona a cantidade de documentación que avala esta obra de 2074 páxinas. Aínda que poida existir, confeso que tampouco sei doutra colección paremiolóxica greco-latina-hispana do volume desta de Martínez Segura.

1.2. Latín e grego, linguas internacionais do mundo antigo

Grego e latín foron as linguas de cultura do mundo antigo. O latín foi, ademais, a lingua dun imperio militar e económico. A presenza romana na península ibérica consolidouse trala conquista da Gallaecia por Augusto na cruel campaña de Augusto Octaviano (29-23 aC). É verosímil que a cultura popular expresada en latín (parte dela procedente da cultura grega) fose facendo circular paremias grecolatinas. O latín foi tamén a lingua da cultura escrita de Hispania durante séculos dende a conquista romana ata, polo menos, os séculos X-XI, cando as linguas románicas empezaron a ergueren a cabeza, a facérense visibles, a emancipárense devagariño e a construíren tamén por escrito un mundo novo sobre pensamentos vellos pero tamén outros novos e, en calquera caso, expresados xa nesas linguas novas.

Nese primeiro milenio tiveron que consolidarse no uso popular moitas paremias latinas ou adaptadas do grego.

¿Que quedou da lingua latina? O latín seguiu sendo a lingua da liturxia católica ininterrompidamente ata o 4.12.1963, data na que o Concilio Vaticano aprobou a utilización progresiva das linguas modernas nesa liturxia e no ensino teolóxico. Os textos litúrxicos son, nunha parte importante, utilizacións ou reelaboracións da *Biblia Vulgata* (s. IV), da que o colector Martínez Segura extraeu 468 refráns (e dos que 23 proceden precisamente do libro dos *Proverbios*) mentres que outros proceden doutros libros bíblicos. É verosímil que durante séculos (pero de forma decrecente) todos estes proverbios gregos, romanos e bíblicos se citasen nos sermóns, primeiro en latín e despois traducidos a romance, porque eu aínda acordo un predicador que o facía así ocasionalmente a mediados do século XX. Con todo, o que daquel latín percibía a xente era nalgúns casos, pouco; noutros case nada ou (peor aínda) disparatado: lembremos que a fórmula *¡Sursum corda!* (“¡Arriba os corazóns!”) inicialmente fórmula latina de ánimo (que se dicía na misa en latín antes do prefacio, cando a xente se pon en pé), xa hai séculos que é opaca para a maioría e acabou designando, con retranca, a un suposto personaxe socialmente importante, que non se nomea porque tampouco é moi apreciado⁴.

⁴ Algo mellor o entendía Rosalía de Castro en 1880 (*Que o xurei, xa o teño dito! -berraba a vella. Non entro. Señor, señor, sursum corda; aquí estou, i aquí me quedo*). (Follas Novas). O DRAE escribío xunto (*sursuncorda*) e defíneo como “Supuesto personaje anónimo de mucha importancia. *No lo haré aunque lo mande el sursuncorda*”.

1.3. As paremias grecolatinas: unha visión do mundo que, en parte, pervive na Europa Occidental

Das paremias dise o mesmo que se di das linguas: que expresan, por medios distintos, unha visión peculiar do mundo; un pensamento colectivo de orixe anónima e que se reelabora de forma anónima. Pero, se as paremias tamén se difunden de maneira espontánea polo uso incontrolado, as linguas están sometidas a unha planificación política que as expande ou que as afoga. A vida das paremias, en cambio, é libre e poden dar saltos non programados dunha lingua a outra.

Esta documentada obra de Martínez Segura permítenos ver que unha parte non pequena das paremias anónimas e vivas no romance castelán parécense moito, curiosamente, a frases sentenciosas grecolatinas ben documentadas nos textos latinos e gregos de escritores ben coñecidos.

A cantidade do material (10 777 frases sentenciosas de autor latino documentado e 1024 de autor grego documentado) que ten un parecido notable con 11 242 unidades modernas (que xa figuran nos repertorios dos refráns populares casteláns) constitúe un feito que pide unha explicación. Isto ponnos diante varias preguntas para a toda a paremioloxía. ¿Hai relación de causalidade entre as grecolatinas e as castelás? ¿Chegaron estes pensamentos aquí na noite dos tempos como citas latinas e gregas e posteriormente o pobo anónimo foínas aclimatando ás linguas neolatinas hispanas, neste caso, o castelán? ¿Puido haber un traslado institucional de paremias latinas ó castelán, a través das escolas catedrais, monásticas ou nobiliarias? ¿Estas numerosas coincidencias entre linguas poñen en cuestión a doutrina aceptada da *creación anónima* do conxunto do material fraseolóxico e paremiolóxico? ¿Ou será a paremioloxía un sistema operativo innato que traemos de serie e que nos leva non só a repetir e retocar paremias senón tamén a seguir creando sobre a vella pauta observacións novas, que pouco e pouco, en círculos concéntricos se vaian expandindo e converténdose no futuro en verdadeiras paremias de autor anónimo e de propiedade colectiva?

O colector desta inmensa cantidade de material non responde preguntas, porque non é esa a tarefa que asumiu. O seu traballo é poñer enriba da mesa a máis farturenta colección de citas ou sentencias gregas e latinas, por min nunca vista, e confrontalas con refráns casteláns tamén documentados no uso. Tirar conclusións é dereito que o autor reserva ó lector: esta obra facilita abundantes datos pero non lle condiciona a opinión ó lector.

Os refráns son unha parte do sistema de literatura oral e este sistema é moi distinto do da literatura escrita, non só pola súa maxistral concisión e pola consecuente densidade semántica, senón tamén polo modo de difusión (normalmente oral), pola transformación espontánea dos usuarios (moitos refráns presentan variantes) e pola autoría anónima: as únicas veces nas que, antes de dicirmos un refrán, especificámo-la autoría, sempre se chama *O Outro / El Otro (como di o outro / como dice el otro)*.

E, como as sentencias orixinais latinas seguiron parcialmente presentes no uso oral da oratoria eclesiástica (probablemente a única con periodicidade constante), pero ocasionalmente tamén da oratoria política, é verosímil que acabasen transformándose (pouco e pouco e

por procesos aínda insuficientemente definidos) en paremias romances sen que isto queira dicir que a musa popular se xubilase ou que morrese coa desaparición do latín.

O inmenso material que, con esta obra, Martínez Segura pon nas nosas mans case nos permite dicir que da *literatura* do mundo clásico grecolatino o que quedou na boca das maiorías hispanas non son as obras íntegras dos magníficos escritores grecolatinos; o que quedou para a maioría son estas frases sentenciosas grecolatinas, que nos legaron escritores que aquí se documentan, sen que poidamos asegurar que eles fosen os creadores da sentencia e non xa usuarios dela ou das súas variantes.

1.4. Abundancia de fontes

Isto podería explicar que, segundo o Índice de fontes deste documentado *Diccionario* (páxs. 2017-2053), a obra antiga que máis paremias nos legou fose a *Biblia Vulgata* (468) que, ademais, durante case 16 séculos foi o libro máis lido e comentado en público no mundo cristián. Séguen Cicerón, que nos legou 367 paremias; Séneca (340), Ovidio (311), Publilio Siro (248), Horacio (212), Duns Scoto (215), Plauto (191), Menandro (186). En cambio, a *Eneida* de Virxilio, un poema de 9896 hexámetros dactílicos, obra tamén moi lida e memorizada, só consolidou aquí 98 paremias (menos do 1 % dese texto). Seguen autores como Eurípides (84), Dionisio Catón (84), Terencio (84), Xuvenal (68), Aristóteles (65), San Xerome (62), Petronio (54) e Tácito (53). Fedro, curiosamente, só ofrece 50. Plutarco (41), Platón (37), Homero (27), Sófocles (23) e Aristófanes (18). Posiblemente por falarmos linguas neolatinas (non neohelénicas) percibimos máis paremias que usaron Plauto (191) e Terencio (84), que recrearon en latín para o público romano modelos gregos de Menandro (186) e de Aristófanes (18).

Coa chegada do cristianismo algunhas obras foron moi lidas e comentadas na liturxia das igrexas, empezando pola *Biblia Vulgata*, da que, como queda dito, esta obra recolle 468 paremias; tamén tiveron fortuna algunhas paremias que usaron nas súas obras San Xerome (62), S. Agostiño (34), S. Bernardo (12), San Tomé de Aquino (15), Duns Scoto (215), Tomás de Kempis (21). Nos sermóns das igrexas ocasionalmente citábanse estes escritores e iso seguramente deu ocasión a que, sobre esa pauta, fosen aparecendo versións ou recreacións espontáneas e anónimas (pero xa romances) das antigas paremias. Sospeito que as homilías das igrexas e as escolas parroquiais, monásticas, catedralicias e as dalgúns nobres, foron un motor da recreación, anotación e difusión dos refráns.

Outro motor de difusión de paremias foron as primeiras obras escritas directamente paremiolóxicas. Esta obra monumental permítenos saber que Michael Apostolio (162), Erasmo de Rotterdam (452), Heinrich Bebel (262) e A. Tunicio (129) destacan entre os primeiros grandes colectores e divulgadores de paremias grecolatinas nos séculos XV-XVI, cando xa as linguas modernas estaban consolidadas como linguas de comunicación formal, notarial e literaria fronte ó latín medieval. Martínez Segura resalta a importante achega de Erasmo de Rotterdam (1466-1536), que definía a *paroemia* como *accommodatum rebus temporibusque proverbium* (“refrán axeitado á realidade e ós tempos”) e que realmente chegara a anotar e glosar 4151 unidades.

Nos séculos XVI-XVII foron transcendentais para a acumulación paremiolóxica o *Quixote* de Cervantes (165), o *Tesoro* de Covarrubias (31), Johann J. Gryneo (121); no XVII o portugués Bento Pereira (322); no XVIII, M. Márquez de Medina (161), o *Diccionario de Autoridades* (113), o *DRAE* (949), W. Binder (141); e, no XIX-XX, Rodríguez Marín (437), A.V. Rezende e Silva (130), Hans Walther (533), A. Arthaber (570), V. Herrero Llorente (386), Henerik Kocher (476) e, para o éuscara, Gotzon Garate (1934-2008), de quen cita 222 paremias vascas coa súa correspondencia latina.

Proverbios, *paremias*, *sentencias*, *adaxios*⁵ e *refráns* son inicialmente palabras sinónimas que naceron en países e épocas distintas, e ás que hoxe os especialistas lles atribúen matices específicos que as diferencien, pero eses matices semánticos xa non sempre están convalidados polo uso popular, que nuns países prefire a denominación *proverbios* e, noutros, a de *refráns*. A *Biblia Vulgata*, por exemplo, a carón dun libro de *Proverbios*, ten moitos usos da palabra *proverbium* que non se poden aplicar ó que hoxe entendemos por *proverbio* nin por *refrán*. Os matices existen, naturalmente, pero para a maior parte dos lectores son matices ociosos, porque triunfou a distinción máis transparente e estrutural entre *fraseoloxía* (colocacións, locucións e fórmulas) e *paremioloxía* (refráns), que, fronte a *colocacións* e *locucións*, expresan pensamentos sintacticamente completos que, ademais, engaden case sempre a intención exemplarizante.

Por iso o título desta obra, *Refranes y paremias grecolatinas*, é suficientemente fundado e moito máis transparente. Martínez Segura, nesta edición, mantén o criterio de *refranes y paremias* que establece no título da obra e que hoxe implica frases semanticamente completas, con algunhas excepcións que un lector moi atento poderá detectar.

Todo o material que conteñen estas obras anteriores parece estar incorporado a esta obra, realizando así un gran servizo a cantos nos interesamos por esta materia de maneira permanente ou ocasional.

⁵ É certo que Erasmo, por exemplo, titulou como *Adagia* a súa colección de paremias como *Bis dat qui cito dat. Nihil recusandum quod donatur. Vir fugiens et denuo pugnabit. Cavendum a potentiore. Homo homini lupus* ou *Optimum cibi condimentum fames*; pero inclúe no mesmo concepto outras unidades como *odium agreste*, *odium novercale* ou *venereum iusiurandum* que non expresan un pensamento sintacticamente completo (a non ser que, coma esta última, teña unha versión máis ampla e tamén ben coñecida dos falantes da época (*Venereum iusiurandum non punitur*: “Xuramento de amor non se castiga”) e que se constata que o uso da versión reducida leva conscientemente implícita a versión sintacticamente completa. En cambio de *odium agreste* non coñezo unha forma sintacticamente máis completa. Polo tanto, hoxe son paradigmas de odio (persistente) e de xuramento (volátil) non verdadeiros refráns. Neste caso *paradigma* e *proverbial* aluden ó máis destacado dentro dun concepto.

C15. Corrupción

3955. **CORRUPTIO OPTIMI, PESSIMA** (RM10). La corrupción del mejor es la peor. Otros traducen: La corrupción de los mejores es la peor. (Este proverbio ha sido atribuido a San Gregorio Magno (540-604) en sus *Moralia in Iob*). Nicolás González Vidal en su artículo *Gregorio Magno y la psicología*, nota 29, (*Teología y vida*, ISSN 0049-3449, N° 1-2, 2011, págs. 279-290) dice: “Sin duda, San Gregorio es plenamente consciente, como advierte Hildebrand, de que no hay nada humano que no pueda ser pervertido ni falsificado y realmente, cuanto más elevado es algo, tanto peor es su perversión y falsificación” (Dietrich von Hildebrand, *El corazón. Un análisis de la afectividad divina y humana*. Título original, *The Heart*. Traducción de Juan Manuel Burgos, Madrid: Palabra, 1997). También existe esta otra variante: *Optima corrupta, pessima* (Owen Feltham, *Resolves...* 91). Las mejores cosas, cuando se corrompen, son las peores.
- R3817. De la corrupción de lo mejor, sale lo peor (R. M.).
- Suele decirse que “tal vez, de buena cepa, racimo rahez”.
- R3818. Cuando el bueno se hace malo, no hay nadie más malo (R. M.).
- R3819. Cuando los buenos se hacen malos, no es peor que ellos el diablo (R. M.).
3956. **CORRUPTIO UNIUS EST GENERATIO ALTERIUS** (RM6). La corrupción de una cosa es la generación de otra.
- R. Marín afirma que es dicho de Aristóteles; en cambio, H. Llorente opina que se trata de un antiguo adagio filosófico, que pasó de la alquimia a la lengua cabalística.
- R3820. Lo que es mal que a uno mata, es bien que a otro sana (R. M.).

Imaxe 1. Fragmento da páxina 579 do dicionario, exemplo da estrutura dun tema simple (*Corrupción*), no que xa se percibe que a documentación de dous refráns latinos simples vai acompañada de comentarios eruditos e da súa pervivencia-reelaboración en catro refráns casteláns (Martínez Segura, 2019: 579).

1.5. Estrutura e distribución desta obra

Organizar unha obra con tantos datos coma os desta obra esixe deseñar unha estrutura capaz (para artellar materiais abundantes e heteroxéneos) e transparente (para que o usuario poida manexala con rapidez e atopar aquilo que lle interesa e busca).

Se no cadro inicial desta recensión están os datos numéricos desta obra (superiores ós de obras similares e precedentes que utilice), a novidade está tamén en que aquí as paremias gregas e latinas (11 300) confróntanse entre elas e, ademais, confróntanse con paremias castelás, das que aquelas, en moitos casos, son precedentes innegables cun volume que case as iguala (10 983). A tipografía é outra e substancial novidade desta obra, á que cómpre engadir que tódalas paremias gregas e latinas van acompañadas da indicación do autor, a obra de procedencia, a referencia numérica que corresponde a ese fragmento concreto, a súa tradución castelá e, por veces, algún comentario explicativo.

1.5.1. Tomos I e II

Nos **tomos I e II**, que suman 1531 páxinas (724 o 1.º vol. / 807 o 2.º vol.), o autor desta obra ciclópea ofrece o caudal paremiolóxico grecolatino (11 801 paremias) ben artellado de dúas maneiras diferentes:

1.5.1.1. Artellado en conceptos antitéticos (tipo *Abundancia-Escasez*)

Abundancia-Escasez / Acierto-Error / Amistad-Enemistad / Amor-Odio / Bondad-Maldad / Casamiento-Celibato / Castigo-Perdón / Compañía-Soledad / Sabiduría-Ignorancia / Facilidad-Dificultad / Día-Noche / Duda-Certeza / Justicia-Injusticia / Memoria-Olvido / Paciencia-Impaciencia / Proporción-Desproporción / Prudencia-Imprudencia / Riqueza-Pobreza / Sabiduría-Ignorancia / Salud-Enfermedad / Sensatez-Necedad / Sufrimiento-Gozo / Utilidad-Inutilidad / Valentía-Cobardía / Ventajas-Inconvenientes / Vida-Muerte / Virtud-Vicio).

1.5.1.2. Artellado en conceptos complementarios (tipo *Alimentación y hambre*)

Neste caso adoitan baixar a un segundo nivel de especificación ou subconceptos que, como acontece neste último (*Alimentos, Comida, Bebida, Hambre*), aínda se desglosan noutros conceptos de terceiro nivel, que no caso do tema *Comida*, son *El fuego y la sal, indispensables / Invitados / Comer con moderación / La vergüenza en la comida / La comida del hidalgo / Consejos para después de comer / Gula / Carnes / Carne y pescado / Pan y queso / Escasa alimentación*.

1.5.1.3. Artellado en parellas de complementarios

Alabanza-Adulación / Censura-Crítica / Fama-Rumor / Hombre-Mujer / Alimentación y Hambre / Ambición-Avaricia-Mezquindad / Salud-Enfermedad / Hechos-Palabras / Oportunidad-Oportunismo-Inoportunidad / Peligro-Riesgo / Precaución-Cautela / Religiosidad-Superstición). Outros son case sinónimos (*Belleza-Hermosura*). Finalmente outros son mixtos (*Verdad-Evidencia-Mentira*). Poucas veces o tema é único (*Familia*).

1.5.1.4. Outro tipo da estrutura conceptual

Hai tamén temas semánticos máis complexos que obrigan a que a estrutura se faga arbórea.

Poñerei un segundo exemplo co desglose do tema *Liberalidad-Gratitud-Ingratitud*, indicando o número de paremias **G** (gregas), **L** (latinas) e **C** (castelás) con indicación, en cada tema, do número de paremias ofrecidas:

L2 Liberalidad-Gratitud-Ingratitud (190)
L2.1.Liberalidad-Tacañería
L2.1.1. Liberalidad (31 unidades: G 5, L26, C25).
L2.1.2 Tacañería (14 unidades: G 0, L 14, C18)
L2.2. Regalos, obsequios y favores
L.2.2.1. Regalos (39 unidades: G 2, L 37)
L.2.2.Obsequios (10 unidades: L2, C8)
L.2.2.3.Favores
L.2.2.3.1 Favores desinteresados (5 unidades: L 2, C 3)
L.2.2.3.2 Favores interesados (23 unidades: G 1, L 22)
L.2.2.3.3. Dádivas forzadas (L 7)
L.2.2.3.4. Favores tardíos (20 unidades: L 10, C 10)
L.2.2.3.5 Favores a ingratos (22 unidades: G 1, L 21, C 23) ⁶
L.2.2.3.6 Olvido de los favores (G 4, L 16, C 23)
L.2.3 Gratitud- Ingratitud
L.2.3.1. Gratitud (L 5, C 8)
L.2.3.2.Ingratitud (15: G 1, L 14, C 31)

Táboa 3. Tema L2.1.1. *Liberalidad* (subtema dentro de L2 Liberalidad-Gratitud-Ingratitud) acompañado do número de paremias gregas (G), latinas (L) e castelás (C).

Téñase en conta que esta distribución conceptual arbórea, de terceiro nivel, por veces chega a acadar 46 conceptos secundarios (caso do tema *Amor*): un exemplo máis das dimensións e complexidade desta obra.

Cada paremia figura no tema e subtema que lle acae polo seu significado. E figura coa súa cita orixinal, coa tradución castelá e coa correspondente indicación de procedencia. A continuación, cunha marxe esquerda e cunha numeración diferentes, os equivalentes refráns casteláns que expresan máis ou menos a mesma idea. Por veces, un comentario explicativo completa a información.

Isto permítenos percibir xuntos o pasado grego, o pasado latino, pero, con eles, tamén o presente castelán. E tamén permite ve-los refráns casteláns á par dos seus *antecedentes* gregos e latinos fundidos nunha soa imaxe sincrónica, en tres dimensións, con releve e chea de matices. En cada tema ou subtema o refrán máis significativo vai en negriña, mentres que os que o colector considera variantes van só en cursiva. Pero os refráns casteláns van, como queda dito, cunha numeración distinta e exclusiva deles e cunha pequena sangría esquerda que os distingue xa visualmente. Esta diferente numeración facilita moito as rebuscas como direi. Esta disposición orgánica e conceptual de terceiro nivel facilita tamén o manexo desta voluminosa obra: téñase en conta que, por poñer un caso, o tema *Amor* acada 46 conceptos secundarios.

⁶ Nalgúns casos un refrán como *Cría cuervos y te sacarán los ojos* dá pé á unha nota erudita na que un etólogo afirma que dificilmente se pode atribuír a un corvo que lle quite os ollos a quen lle dá de comer, cousa que, en cambio, poden face-las pombas.

Hai aínda outros elementos que facilitan visualmente a lectura. Cada grupo temático vai encabezado por un título en negriña e numerado. En cada grupo temático a paremia latina ou grega considerada máis significativa vai de primeira en cursiva negriña, de maior corpo có conxunto, seguida pola súa cita e a súa tradución. Seguen outras paremias gregas e latinas, que con ela teñan parentesco semántico, sempre en cursiva (pero xa non negriña), tamaño normal e, tamén, coa súa numeración exclusiva, coa súa cita e coa súa tradución castelá.

Despois, cun sangrado que salienta o cambio de linguas e cunha numeración exclusiva destoutro grupo, seguen os refráns casteláns que expresan, máis ou menos, a mesma idea; estes, como digo, tamén van sempre numerados (cunha serie numérica exclusiva deles).

Que as paremias castelás aparezan a continuación das gregas e latinas, pero en parágrafos sangrados, menor tamaño de letras e cunha numeración propia, facilita a lectura porque visualiza ben a diferenza de lingua (o lector xa ve onde hai paremioloxía grecolatina e onde a hai castelá). E o feito de que as paremias grecolatinas teñan unha numeración e que as castelás teñan outra diferente tamén axiliza moito a posterior localización dende os índices alfabéticos grego, latino e castelán do Tomo III; facilitan, polo tanto, outras relecturas dende perspectivas moi diferentes.

Todas estas características estruturais e tipográficas permiten manexar esta voluminosa obra sabendo visualmente que tipo de información contén cada parágrafo. A obra con estes dous tomos acada as 1531 páxinas. Este é, polo tanto, un Dicionario conceptual e trilingüe (grego-latino-español): aquí todo o material aparece ordenado polo concepto básico que cada paremia expresa e agrupado no mesmo tema ou subtema cos refráns conceptualmente máis próximos das outras dúas linguas nun sistema suficientemente complexo (para ser eficaz), pero tamén suficientemente manexable nos dous primeiros tomos que suman 1531 páxinas.

No final de cada unidade paremiolóxica o colector especifica a procedencia da paremia, que, atendendo á bibliografía que abre o Tomo III, está formada por máis de 400 obras, das que 123 son obras directamente paremiográficas grecolatinas, realizadas en diferentes países europeos e algúns americanos (inclúense algunha vez referencias de paremioloxía catalá, vasca e portuguesa —de Portugal e Brasil—). Para as pervivencias en castelán, entre outras moitas fontes, conta con 6 versións sucesivas do DRAE (supoño que utilizaría tamén a ferramenta informática CORDE da RAE) e coas máis importantes referencias da bibliografía específica.

A perfecta ordenación e xerarquización, en conxuntos e subconxuntos semánticos, do inmenso material paremiolóxico deste *Diccionario* permítenos *navegar* polas paremias (ou protoparemias) en diferentes direccións: da literatura grega clásica ata a latina de tódolos tempos; dende os inicios homéricos ata a época humanística; pero combinando todo cos refráns casteláns semanticamente máis afíns, que figuran ordenados co mesmo sistema conceptual dos grecolatinos. Esta lectura, que, no mesmo asunto, salta dun milenio a outro, resulta espectacular, porque en pequenas cousas fainos ver como evolucionou o pensamento humano.

Dato esencial desta obra: non estamos, polo tanto, ante tres refraneiros (un grego, outro latino e un terceiro castelán) senón ante un único refraneiro cunha estrutura trilingüe que combina as 1024 paremias gregas coas correspondentes 10 777 latinas e emparellándoas sempre coas súas 11 242 pervivencias ou ecos casteláns. Se ben se pensa, isto só é posible con moito coñecemento, moita meditación e moito traballo: cómpre recoñecelo. Este emparellamento das paremias grecolatinas cos correspondentes refráns casteláns permítenos encontra-la información con toda facilidade e inmediatamente medir con aproximación fiable o grao de pervivencia daquelas paremias grecolatinas no castelán; permítenos medi-lo grao de grecolatinidade da nosa propia expresión espontánea de hispanos do século XXI; e mesmo facilitará que alguén despois busque e mida noutras linguas neolatinas hispanas cal é o grao que as súas paremias conservan de grecolatinidade.

Non é hipérbole ningunha dicir que o autor puxo nas nosas mans unha obra de grandes dimensións, pero deuna artellado nunha estrutura transparente e doada de manexar. O lector tarda pouco en afacerse a manexar esta distribución conceptual das 1024 paremias gregas, das 10 777 latinas e dos 11 242 refráns casteláns.

2. Tomo III

Numeración e tipografía son asuntos estratéxicos nesta obra. No corpo da obra (tomos I e II) hai unha primeira numeración, semántica ou ideolóxica, para os temas ou subtemas (p. ex.: P16.1.6 significa “Prudencia en los enfrentamientos”). Unha segunda numeración identifica conxuntamente as paremias gregas e latinas (p. ex. 8893 *Ne Hercules quidem adversus duos*. “Ni siquiera Hércules se atrevió contra dos”); paremias gregas e latinas van sempre en cursiva. Unha terceira numeración, con sangría, precedida sempre pola letra R, identifica cada refrán castelán (xa en redonda) que se insire como equivalente semántico (p. ex. R8869 *Contra dos, sólo Dios*).

Agora, o Tomo III, tras unha selecta e actualizada Bibliografía (páxs. 1535-1559), ofrece uns índices que nos permiten manexar esta obra de maneira rápida e eficaz.

Se a ordenación semántica dos dous primeiros volumes permite rebuscar paremias polos conceptos que expresan e atopalas xuntas e ben xerarquizadas polo colector, aquela estudada numeración dos Tomos I e II permite agora que o Tomo III (tras unha selecta Bibliografía nas páxs. 1535-1559) nos leve a calquera paremia que desexemos usando a ordenación alfabética das paremias por linguas (grega: 1765-1788; latina: 1789-2016; castelá: 1561-1764⁷) ou por “autores” e obras e indicando, en cada caso, o número de referencia co que cada paremia ou refrán se encontra conceptualmente ordenada no corpo desta obra: primeiro, as obras gregas (2017-2022); despois, as latinas (2023-2053), e finalmente as dos paremiógrafos e obras en castelán (2055-2074). Só unha base de datos informática pode

⁷ Estrañamente no encabezado dos respectivos índices que forman o tomo III, dise que o *número de refranes castellanos* é 11 242 (p. 1561); o *de paremias griegas*, 1024 (p. 1765); e o *de paremias latinas*, 10 777 (páx. 1789). Nótese que a numeración final do corpus (páx.1531) di: 11 300 (para a suma das paremias gregas e latinas) e 10 983 (para as castelás).

superar esta xa interesante velocidade. Con eses índices calquera lector chega no instante ó refrán ou paremia que busque. Vexámolo con máis detalle.

2.1. Índice de contidos do tomo III

2.1.1. Bibliografía (páxs.1535-1559). 11 Dicionarios de consulta (1535). 100 Obras paremiográficas grecolatinas (1535-1542). 64 Obras paremiográficas españolas (1542-1547). 24 Obras de Fraseología y Lexicografía (1547). 16 Obras de Literatura española (1548-1549). 45 Obras griegas en ediciones y recursos en red (1549-1555): aquí destacan 5 de Aristófanes, 13 de Aristóteles, 4 de Esquilo, 7 de Eurípides. 2 de Esopo, 6 de Herodoto. 5 (45). Obras latinas en ediciones y recursos en red (1555-1558). Otros recursos en red (1558-1559).

2.1.2. Seguen a continuación os xa mentados **índices alfabéticos** de unidades paremiolóxicas para buscar unidades paremiolóxicas concretas, multiplicando a operatividade desta voluminosa obra:

2.1.2.1. Índice de [11 242] refranes (castellanos) (páxs. 1561-1764).

2.1.2.2. Índice de [1024] paremias griegas (páxs. 1765-1788).

2.1.2.3. Índice de [10 777] paremias latinas (páxs. 1789-2016).

2.1.4. Índice onomástico de autores y obras griegas con expresión de los números de referencia de las paremias correspondientes y la cantidad total de las mismas (páxs. 2017-2022).

2.1.5. Índice onomástico de (máis de 340) autores y obras latinas con expresión de los números de referencia de las paremias correspondientes y la cantidad total de las mismas (páxs. 2023-2053).

2.1.6. Índice onomástico de [74] paremiógrafos y obras literarias [romances] con expresión de la cantidad total de los refranes correspondientes (2055-2074).

3. Refraneiro ilustrado

Unha das novidades desta obra monumental, dentro das publicacións paremiolóxicas, é a atinada inserción de imaxes artísticas (esculturas, pinturas, debuxos ou gravados) que representan precisamente paremias e que lle dan alegría á obra. Así, onde corresponde, o autor ofréceno-la versión icónica de máis de cen paremias, obra de coñecidos pintores, debuxantes, gravadores e algún escultor. Quero destacar algunhas destas ilustracións ou imaxes paremiolóxicas, indicando o refrán que representan e tamén a páxina na que se encontran.

Amor grande, amor de madre (740). *A caballo regalado no hay que mirarle el diente* (1064). *A otro perro con ese hueso* (806). *A persona lisonjera no prestes oídos* (201). *A quien Dios le quiere bien, la perra le pare lechones* (831). *Abril, aguas mil* (1091). *Absque argento omnia vana* (1295). *Al afligido corazón no se ha de dar aflicción* (186). *Al arbolito, desde chiquitito* (1473). *Al mejor cazador se le va la liebre* (107). *Alivio es de trabajos el reposo*

(176). *Amistad de carne y vino no val un comino* (305). *Barriga llena a Dios alaba* (211). *Bien ama quien nunca olvida* (343). *Cabello luengo y poco seso* (986). *Cada día trae y lleva penas y alegrías* (874). *Cada loco con su tema y cada llaga con su postema* (1391). *Casar, casar, que bien, que mal* (472). *Con esfuerzo y esperanza, todo se alcanza* (169). *Criado por abuelo, nunca bueno* (774). *Cuan lentos los minutos de dolor* (1410). *Cuan veloces las horas de alegría* (1409). *Cuando el gato no está, los ratones bailan* (1434). *Dar las ovejas en guardia al lobo* (811). *De cuarenta para arriba, no te mojes la barriga* (1489). *De Dios abajo cada cual vive de su trabajo* (141). *De músico, poeta y loco, todos tenemos un poco* (1084). *Del viejo, el consejo* (569). *Dijo el sabio Salomón que el buen vino alegra el corazón* (225). *Dime con quien andas y te diré quien eres* (499). *El avaro nunca es rico* (256). *El amor entra con cantos y sale con llantos* (365). *El desdén es al amor lo que el hisopo del herrero al carbón* (363). *El diablo, harto de carne, se metió a fraile* (1526). *El encubridor hace al ladrón* (1053). *El hombre es fuego, la mujer, estopa; llega el diablo y sopla* (798). *El primer paso es el que cuesta más trabajo* (110). *El que no llora no mama* (1185). *El vestido del criado dice quien es su señor*. (443). *El vino que es bueno, no ha menester pregonero* (223). *En boca cerrada no entra mosca* (545). *Engañar al engañador es un doble placer* (693). *Frutas y amores, los primeros son los mejores* (322). *Goza de tu vivir, que la vida es un tris* (1386). *Hablar de la mar y en ella no entrar* (Debate nunha tertulia doméstica) (1174). *Hablen cartas y callen barbas* (509). *Harto ayuna quien mal come* (218). *La zorra mudará los dientes, mas no las mientes* (587). *La cara es el espejo del alma* (1020). *La esperanza hasta el fin de la vida alcanza* (707). *La hambre es tan gran maestra que hasta a los animales adiestra* (240). *La locura no tiene cura* (1086). *La mala hierba mucho crece* (1523). *La mar enseña a rezar* (726). *La mujer hacendosa corona es de su marido* Prov. 12,4 (949). *La mujer y el vino sacan al hombre de tino* (946). *La mujer y la mentira nacieron el mismo día* (957). *La oración cortita al cielo va derechita* (1247). *La zorra mudará los dientes, mas no las mientes* (587). *Lo que abunda no daña* (98). *Lo que se aprende en la cuna, siempre dura* (1472). *Los ojos son el camino del corazón* (325). *Más vale tarde que nunca* (1400). *Más ven cuatro ojos que dos* (572). *Mendaciorum et periuriarum mater est alea* (1023). *Menea la cola el can no por ti, sino por el pan* (201). *Messis et vindemia, semel in anno veniens, nonnumquam spem fallit* (192). *Nada es grave a quien esperar sabe* (1155). *Ninguno ve su joroba* (603). *No están maduras* (1230). *No hay carga más pesada que tener la conciencia cargada* (559). *No hay mal que por bien no venga* (862). *No hay tal caldo como el zumo del guijarro* (220). *No hay tal maestro como fray ejemplo* (676). *No leas muchas cosas: lee pocas y ahonda* (669). *No se hizo la miel para la boca del asno* (1018). *Panem et circenses* (813). *Para los desgraciados se hizo la horca* (1051). *Quien a dos amos ha de servir, a alguno de ellos ha de mentir* (1246). *Quien amaga y no da, miedo ha* (262). *Quien bien te quiere, te hará llorar* (747). *Quien espera, desespera* (707). *Quien honradamente quiera ganar, lo ha de sudar* (162). *Quien mal anda, mal acaba* (1500). *Quien no se aventura no pasa la mar* (1432). *Quien no siembra no siega* (179). *Quien poco lee, poco aprende* (664). *Riñen los amantes y quiérense más que antes* (358). *Secreto de oreja no val una arveja* (542). *Sermón, discurso y visita, media horita* (1440). *Si quieres bien casar, casa con tu igual* (454). *Siempre es el hombre estudiante y muere ignorante* (661). *Soñaba el ciego que*

veía y soñaba lo que quería (1376). *Tanto vales, cuanto tienes* (1293). *Todo rezo esconde un miedo* (842). *Tras la comida, siesta tranquila, pero después de cenar, pasear* (1336). *Tras la tempestad viene la calma* (845). *Uso hace maestro* (719). *Vecina, bocina* (1348). *Vencer, más por arte que por fuerza ha de ser* (1015). *Zapatero a tus zapatos* (1046)⁸.

Algunhas ilustracións están aplicadas con especial agudeza. Como é o caso de *Aún no ensillamos y ya cabalgamos* (1158). *Leonina societas* (1200). *Un lobo a otro no se muerden* (422).

4. ¿Tódalas entradas son refráns ou paremias? O caso de *leonina societas*

Afixémonos a distingui-la paremioloxía da fraseoloxía, entre outros parámetros, pola estrutura sintáctica completa ou incompleta. Esta perspectiva, que distingue con nitidez *locución* de *refrán*, deixa nun estraño limbo as *fórmulas*. Pero esa diferenza pode ser simple efecto dunha visión sincrónica (dominante na filoloxía románica) do material que denominamos *discurso repetido*, porque os fraseólogos eslavos, como o profesor ucraino en San Petersburgo Valerij Mokienko (2000a, 2000b), aprendéronnos que as linguas viven, coma nós, na historia e sometidas á dialéctica, de xeito que paremioloxía e fraseoloxía, aínda sendo sincronicamente estables e fixas, tamén viven esa tensión entre condicións que lles son inherentes: *estabilidade / inestabilidade*; *modelabilidade / inmodelabilidade*; *implicitade / explicitade*; *imaxibilidade / inimaxibilidade*, *expresividade / neutralidade*; *sincronía / diacronía*. Todas estas tensións explican a aparición de variantes que sempre encontramos nun corpus grande e que non negan, senón que reafirman a unidade do fraseoloxismo e da paremia por riba das súas variantes.

Unha destas tensións dialécticas é a *implicitade / explicitade*, que explica que poidamos detectar locucións que ocasionalmente se expanden e chegan a ser paremias (*explicitación*) pero tamén, se cadra con máis frecuencia, contos populares que se condensan en paremias, dando por consabido o relato, e que, noutros casos, pola economía da linguaxe, acaban condensándose en fórmulas ou locucións, dando por consabida a forma plena da paremia e mesmo do relato previo (*implicitación*): deste xeito, por esa elisión de elementos, pode acabar facéndose desmotivada, de significado aparentemente arbitrario, e mesmo desaparecer do uso ou da memoria colectiva. Un caso de implicitación, é dicir, dun relato que pasa a fórmula e finalmente a locución latina é o de *leonina societas* que acabou creando nas linguas románicas o *contrato leonino* e tamén *la parte del león / a parte do león*.

Leonina societas aparece no índice coa referencia 8 648. Evidentemente este sintagma non é un refrán pero, se nos desprazamos a esa referencia (II, p. 1199-1200) vemos que aparece de primeiro *Ego primam tollo, nominor quoniam leo* (que está na Fabula I,5,7 de Fedro, fabulista grecolatino, do cambio de milenio) dentro dunha epígrafe (P7.3.4). Calquera persoa que busque o texto orixinal na *Bibliotheca Augustana Latina* [<https://www.hs-augsburg>.

⁸ Outras catro teñen como título un concepto: *Vanitas* (1436). *Infortunio* (1468). *Un necesitado*. (1296). *Mendigo* (1303).

de/~harsch/augustana.html#la] indo á procura dos escritos de Phaedrus [https://www.hs-augsburg.de/~harsch/Chronologia/Lspost01/Phaedrus/pha_intr.html] pode encontra-lo texto enteiro:

V. Vacca et capella, ovis et leo.

*Numquam est fidelis cum potente societas:
Testatur haec fabella propositum meum.*

*Vacca et capella et patiens ovis iniuriae
Socii fuere cum leone in saltibus.*

*Hi cum cepissent cervum vasti corporis,
Sic est locutus, partibus factis, leo:
«Ego primam tollo, nominor quoniam leo;
Secundam, quia sum fortis, tribuetis mihi;
Tum, quia plus valeo, me sequetur tertia;*

Malo afficietur; si quis quartam tetigerit».

Sic totam praedam sola improbitas abstulit.

A tradución galega é así:

“A vaca, a cabuxa, a ovella e o león. Nunca é fiel a compañía do poderoso e este contiño confirma o que digo. Unha vaca, unha cabuxa e unha sufrida ovella foron compañeiros dun león no monte. Un día entre todos cazaron un cervo grande, e o león fixo as partillas así: Eu collo a primeira parte, porque me chamo león. Darédesme a segunda, porque son forte. A terceira correspóndeme, logo, porque son o que máis pode. E, se alguén ousa tocarlle á cuarta, vaino pasar mal. Deste xeito a simple chulería arramplou coa presa enteira”.

Vexamos, logo, en qué caudal paremiolóxico encontramos esta idea no *Diccionario* de Rafael Martínez Segura:

P7.3.3 El poderoso rogando obliga

8629. *COGIT ROGANDO, CUM ROGAT, POTENTIOR* (Pseudo P. Siro, C 12, The Latin Library). Cuando el poderoso pide rogando, está obligando. Idea que se recoge en el dicho: “Tus deseos son órdenes”.

VARIANTES

8630. *Tὰς δὲ τῶν τυράννων δεήσεις ἴσμεν ὅτι μεμειγμέναι ἀνάγκαις εἰσίν* (Platón, *Cartas*, VII, 329d). Sabemos que las peticiones de los que mandan van unidas a obligaciones.
8631. *Βία πενήτων, πλουσίων παράκλησις* (Apostolio, IV, 97) = *Cogendus inops, commonendus dives est*. Violencia de pobres, súplica de ricos.
8632. *Si opulentus it petitem pauperioris gratiam, pauper metuit* (Plauto, *Aulularia*, 246-47). Si el rico va a pedir un favor al pobre, el pobre siente temor.
8633. *Durum est negare, superior cum supplicat* (P. Siro, D 25). Cuando el superior pide algo, es duro negárselo.
8634. *Durum est denegare superiori, cum debeas supplicare* (P. Siro, The Latin Library, *Sententiae Turicensis*, 7). Es duro decir que no a un superior, cuando lo suyo es que debas suplicarle.
8635. *Blando vis latet imperio* (Ausonio, *Praefaciunculae*, I, 10). En una orden amable está escondida la fuerza.
8636. *Potestas non solum si invitet, sed etiam si supplicet, cogit* (Macrobio, *Saturnalia*, II, 7). El poderoso, no sólo cuando invita, sino también cuando ruega, obliga.
8637. *Est orare ducum species violenta iubendi* (J. G. Seybold, *Selectiora adagia Latino-Germanica*, 107). El ruego de los jefes es una forma violenta de ordenar.

1198 Rafael Martínez Segura

Imaxe 2. Fragmento da páxina 1198. Dentro do Tema *Poder* (P7) están os subtemas: P7.1.: *Origen del poder*; P 7.2.: *El poder y la ley* (con 4 subtemas); P.7.3. *El poderoso* (con 4 subtemas); (P7.4.) *La posición del humilde* con 10 subtemas; P7.5. *El humilde y el poder*. En total este tema P7 ofrece 206 paremias gregas ou latinas e 178 refráns casteláns que enchen as páxinas 1188-1211.

8638. *Magnum preces imperia* (J. G. Seybold, *Selectiora adagia Latino-Germanica*, 187). Los ruegos de los poderosos son mandatos.
8639. *Qui rogat potentior, rogando cogit* (M. de Medina, *El arte explicado...* 609). Cuando el más poderoso pide, pidiendo obliga.
8640. *Preces magnatum armatae* (Binder, *Thesaurus*, 1743). Los ruegos de los grandes están armados.
8641. *Potestas et si supplicet, cogit* (H. Kocher, P8, 1559). El poderoso, incluso cuando suplica, obliga.
- R8608. Ruego de grande, fuerza es que te hace (H. N.).
- Se corresponde casi literalmente con la paremia 8629 del Pseudo Siro.
- R8609. Si el poderoso ruega, rogando manda (C. C.).
- Caro y Cejudo (*Refranes y modos...* 337), tras dar el refrán, expone la paremia latina correspondiente, que dice ser de P. Siro: *Cogit rogando, qui rogat potentior*. (Cf. Paremia 8633).
- Presenta correspondencia casi literal con la sentencia 8633 de Siro.
- R8610. Quien ruega, manda (R. M.).
- R8611. Ruego de rey, mandato es (R. M.).
- R8612. El poderoso, rogando manda (R. M.).
- Este refrán y el anterior se corresponden literalmente con la paremia 8638.
- R8613. El rey, cuando ruega, manda (R. M.).
- R8614. Rey que ruega, manda y ordena (R. M.).
- R8615. Ruego del poderoso, mandato es imperioso (R. M.).
- Presenta correspondencia casi literal con el dicho latino 8637 de Seybold.
- R8616. El ruego del señor al criado tiene la fuerza del mandado (R. M.).
8642. **DOMINARI EX PARTE EST CUM SUPERIOR SUPPLICAT** (P. Siro, D 27). Cuando el superior suplica, es, en parte, mandar.
- R8617. Quien manda, no ruega (C.).
- R8618. Quien manda, en ruegos no se anda (R. M.).
- R8619. Quien quiera mandar, no ha de rogar (R. M.).
- P7.3.4 El poderoso oprime al débil**
8643. **EGO PRIMAM TOLLO, NOMINOR QUONIAM LEO** (Fedro, *Fabulae*, I, 5, 7. Bibl. Augustana). Yo tomo la primera parte porque me llamo león.
- VARIANTES
8644. *Τὴν μὲν αὐτός -φησί- λήγωμαι πρώτην· βασιλεὺς γάρ εἰμι· λήγωμαι δὲ κάκεινην / ὡς ἐξ ἴσου κοινωνός· ἡ τρίτη δ' αὐτῇ / κακὸν τι δώσει μὴ θέλοντί σοι φεύγειν* (Babrio, *Fabulae*, LXVII, 5, 8). Yo tomo la primera, dijo (el león), porque soy el rey. Me llevo también la segunda como socio a partes iguales. Y esta tercera te traerá problemas, si no quieres escaparte ya.
8645. *Iniqua partitio* (Cicerón, *De oratore*, II, 28, 123). Injusto reparto.
8646. *Ego primam tollo nomine hoc quia rex cluo* (Fedro, *Fabulae*, I, 5, 7. The Latin Library). Yo tomo la primera porque soy considerado rey.

Imaxe 3. Fragmento da páxina 1199. Dentro do Tema Poder (P7) están os subtemas: P7.1.: *Origen del poder*; P 7.2.: *El poder y la ley* (con 4 subtemas); P7.3. *El poderoso* (con 4 subtemas); (P7.4.) *La posición del humilde* con 10 subtemas; P7.5. *El humilde y el poder*. En total este tema P7 ofrece 206 paremias gregas ou latinas e 178 refráns casteláns que enchen as páxinas 1188-1211.

8647. *Nulla brevi est cum meliore fides* (Aviano, *Fabulae* XI, 10). El pequeño no puede confiarse totalmente en el mejor.
8648. *Leonina societas* (Erasmus, *Adagiorum chiliades...* 1, 7, 89). Una sociedad leonina.
Es aquella sociedad en la que sólo el más fuerte es el que tiene el poder. Por *contrato leonino* se entiende aquel en el que todas las ventajas se atribuyen a una de las partes, debiendo la otra cumplir unas condiciones muy duras.
8649. *Quia nominor leo* (H. Llorente, 7193). Porque me llamo león.
Se trata de una expresión, así cristalizada, tomada de la fábula de Fedro *Canis et Capella, Ovis et Leo* (1, 5, 7); según unas fuentes, el texto literalmente dice: *Quia rex cluo*, esto es, *porque soy tenido por rey*; según otras, el texto sería *nominor quoniam leo*, y otras *nominor quia rex*, esto es, porque me llaman león. El dicho enuncia la primera de las cuatro razones que el considerado rey de la selva da a los otros tres animales para llevarse el botín de un ciervo. Se emplea para indicar que el poderoso suele avasallar al débil, quedándose con lo suyo y con lo ajeno.
8650. *Primo mihi* (H. Kocher, P10, 1809). Primero a mí.
Es la máxima representativa de un espíritu egoísta.



Ilustración de J. J. Grandville a la fábula de Jean de La Fontaine,
La vaca, la cabra, la oveja y el león (1, 6),
correspondiente a la fábula de Fedro antes citada.

Imaxe 4. Fragmento da páxina 1200. Dentro do Tema *Poder* (P7) están os subtemas: P7.1.: *Origen del poder*; P7.2.: *El poder y la ley* (con 4 subtemas); P7.3. *El poderoso* (con 4 subtemas); (P7.4.) *La posición del humilde* con 10 subtemas; P7.5. *El humilde y el poder*. En total este tema P7 ofrece 206 paremias gregas ou latinas e 178 refráns casteláns que enchen as páxinas 1188-1211.

R8620. Giohá despartió, para sí lo más. (Sef).

Giohá, deformación hecha por los sefardíes del apellido turco Nasreddin HOGIA, nombre de un personaje que en Oriente personifica a un ser necio, buenazo y descuidado, que se deja llevar por los sucesos. (Vide *Seniloquium*, pág. 256. Ed. de Fernando Cantalapiedra Erostarbe y Juan Moreno Uclés. Universitat de València, 2006).

R8621. Parte Nicolás para sí lo más (Senil.).

R8622. Partepán no entra en el cielo (R. M.).

Es decir, no se salva, porque quien parte y reparte, guarda para sí la mejor parte, y es claro que perjudica a los demás, añade R. Marín.

R8623. Pocas partijas se acaban sin riñas (R. M.).

R8624. Quien parte y reparte, cabe a mayor parte (R. M.).

R8625. Del partir de las tierrecillas, nacen mil rencillas (R. M.).

Un método para conseguir una distribución equitativa puede ser que el que haga las partes sea el último en tomarlas.

R8626. Partamos como hermanos: lo mío, mío; y lo tuyo, de entrambos (R. M.).

R8627. Si quieres a unos hermanos dividir, echa entre ellos algo que repartir (R. M.).

En un fragmento de relación de un juglar del s. XV (Menéndez Pidal, *Poesía juglaresca y juglares*, Madrid, 1924, página 463) aparece la siguiente copla: “Quien con su mano reparte / e tien poder de dar, / con rrazón debe tomar / para sí la mejor parte”.

8651. *QUI POTE PLUS, URGET, PISCIS UT SAEPE MINUTOS / MAGNUS COMEST, UT AVIS ENICAT ACCIPITER* (Varrón, *Saturae Menippeae*, 289, 1). El que tiene más poder oprime de la misma forma que el pez grande devora a los peces pequeños, o como el ave rapaz mata a sus presas.

VARIANTES

8652. *Οἱ δίκην ἰχθύων ζῶντες, καὶ γὰρ οὗτοι καταπίνουσι τὸν ἔμπεσόντα, ἐλαύνοντες ὁ ἰσχυρότερος τὸν ἀσθενέστερον* (Atenágoras, *Legatio pro christianis*, XXXIV, 3). Viviendo como peces, pues éstos devoran al que se encuentran, persiguiendo el más fuerte al débil.
8653. *Ὅφις ἦν μὴ φάγῃ ὄφιν δράκων οὐ γενήσεται* (Apostolio, XIII, 79) = *Serpens nisi serpentem edat, non fiet draco*. Una serpiente no se hace dragón si no se come a otra serpiente.
8654. *Piscis saepe minutos magnus comest* (cf. Varrón, *Saturae Menippeae*, 289, 1). A menudo el pez grande se come al chico.
8655. *Minor apud illos esca maioris est* (San Ambrosio, *Hexaameron*, V, 5, 13). Entre ellos, el menor es alimento del mayor.
8656. *Et cum devoraverit unus piscis maior minorem, devoratur et ipse a maiore* (San Agustín, *Enarratio in Psalmum* 64, 9). Y cuando el pez grande haya devorado al chico, aquél a su vez es devorado por otro mayor.
8657. *Mundi sunt oculi tui ne videas malum et respicere ad iniquitatem non poteris. Quare respicis super inique agentes, et taces devorante impio*

Imaxe 5. Fragmento da páxina 1201. Dentro do Tema Poder (P7) están os subtemas: P7.1.: *Origen del poder*; P 7.2.: *El poder y la ley* (con 4 subtemas); P.7.3. *El poderoso* (con 4 subtemas); (P7.4.) *La posición del humilde* con 10 subtemas; P7.5. *El humilde y el poder*. En total este tema P7 ofrece 206 paremias gregas ou latinas e 178 refráns casteláns que enchen as páxinas 1188-1211.

	<i>iustiores se, et facies homines quasi pisces maris et quasi reptile non habens principem?</i> (Vulgata, <i>Habacuc</i> , 1, 13-4). Son demasiado puros tus ojos para no ver el mal y no poder contemplar la injusticia. ¿Por qué ves a los que obran injustamente y callas cuando el impío destruye al más justo que él, y tratas a los hombres como a los peces del mar, o a los reptiles que no tienen quien los gobiernen?
8658.	<i>Piscium vita haec, minorem maior ut devoret</i> (Escoto, <i>Adagia</i> , 639). En esto consiste la vida de los peces: que el mayor devore al menor.
8659.	<i>Pisces magni parvulos comedunt</i> (Manucio, <i>Adagia</i> , 1399). Los peces grandes se comen a los pequeños.
8660.	<i>Pisces a natura determinati sunt ad natandum, magni ad minores comedendum</i> (Spinoza, <i>Tractatus Theologicus-Politicus</i> , 16, 189). Por naturaleza los peces grandes están determinados para nadar, y los grandes para comerse a los pequeños.
8661.	<i>Pisces maiores constat glutire minores, sic homo maioris saepe fit esca minor</i> (G. von Gaal, 459). Sabido es que los peces mayores devoran a los menores, y del mismo modo el hombre menor sirve de alimento al mayor.
8662.	<i>Pisces vorat maior minorem</i> (Arthaber, 1069). El pez grande se come al chico.
8663.	<i>In mari pisces maiores devorant minores</i> (G. Garate, 1284). En el mar, los peces mayores devoran a los más pequeños.
8664.	<i>Pisces minutos magnus comest</i> (H. Kocher, P6, 1073). El pez grande se come a los pequeños.
	R8628. Pescado grande englute el chico (Sef.).
	Es traducción de la paremia latina 8662,
	R8629. Los peces mayores tragan a los menores (H.).
	Es traducción del adagio 8659 de Manucio.
	R8630. El pece grande come al chico (C.).
	R8631. Los peces grandes comen a los chicos, y así a los pobres, los ricos (C.).
	R8632. El pez grande se come al chico (R. M.).
	Es traducción de las paremias 8662 de Arthaber, y de la 8654 de Varrón.
	R8633. En la tierra, como en los mares, los peces chicos son pasto de los grandes (R. M.).
	R8634. El pez grande se come al chico, y así al pobre el rico (G. D.).
	Guarda cierta correspondencia literal con la paremia bíblica 8657.

Imaxe 6. Fragmento da páxina 1202. Dentro do Tema *Poder* (P7) están os subtemas: P7.1.: *Origen del poder*; P 7.2.: *El poder y la ley* (con 4 subtemas); P7.3. *El poderoso* (con 4 subtemas); (P7.4.) *La posición del humilde* con 10 subtemas; P7.5. *El humilde y el poder*. En total este tema P7 ofrece 206 paremias gregas ou latinas e 178 refráns casteláns que enchen as páxinas 1188-1211.

Obsérvese a cantidade de ideas complementarias que a tradición de 2800 anos foi acumulando arredor da idea simple. Como se ve, as nosas locucións *a parte do león* (GAL), *la parte del león* (CAST), *la part del lleó* (CAT), *la parte del leone* (IT), *the Lion's part* (ING) e tamén o concepto de *contrato leonino*, están presentes en numerosas linguas europeas porque a todas elas chegou esta fábula grecolatina e en todas significa “contrato

desigual no que o membro máis forte do grupo patrimonializa todo o beneficio e deixa os outros membros sen nada”. Outro tanto se podería dicir de *Venereum iusiurandum*, forma implicitada de *Venereum iusiurandum non punitur* “Juramento de amor no es castigado” (2198 - 2197).

Valerii Mokienko (2000: 201-314), como dixen, deulle o nome de *implicitacións* a estes sintagmas que as escolas e as homilías monásticas, catedralicias e parroquiais mantiveron en circulación e que, en dúas ou catro palabras, resumen un conto que se contou en toda Europa durante dous milenios. Coido que pode ser tamén o caso desa antiga fábula grecolatina que nos legou Fedro. E nós reactivámola cada vez que usamos *leonina societas* ou *venereum iusiurandum* en contextos actuais, aínda que non sexamos conscientes da orixe da locución e aínda que non tódolos europeos saibamos reproducir-lo conto enteiro. É impresionante que un relato grecolatino sexa, aínda hoxe, unha imaxe mental de toda Europa.

Este exemplo que cito repítese varias veces co material que Martínez Segura nos ofrece nesta obra. E nós usámolo, sen que, en tódolos casos, citémo-lo texto grecolatino orixinal enteiro ou teñamos conciencia del: as palabras finais do león conseguen traer á nosa memoria esa fábula enteira ou, como mínimo, a súa mensaxe final, o significado con que a usamos.

Nesta visión histórica (e non exclusivamente sincrónica do material) o que era fábula ou relato breve, acaba correndo xa simplificado, como unha aparente locución; pero pronunciar *a parte do león* trae á nosa memoria ou, polo menos, carga as nosas palabras coa totalidade do relato: iso chega ós que nos escoitan, enche de historia o que dicimos, permítenos dicir máis có que realmente pronunciamos; con este poder evocador dunha simple locución, as nosas palabras poden reproducir na cabeza de quen nos escoita o relato coa súa intención e coa súa mensaxe. Os fraseoloxismos teñen ese poder de traeren á superficie da fala imaxes e historias, desencriptalas, facelas actuar con toda a intención. Pode mesmo darse o caso de que o interlocutor non saiba o contiño da vaca, a cabuxa, a ovella e o león; pero, se algunha vez a oíu contar ou, polo menos, se a oíu usar, polo contexto xa lle coñecerá para outra vez a intención e, polo tanto, a mensaxe. O conto converteuse en locución pero non aínda en signo lingüístico arbitrario.

Esta visión diacrónica complementa inseparablemente a sincrónica. Pero esta, sen aquela, pode resultar inmotivadamente significativa, é dicir, convértese en *signo lingüístico arbitrario*. Non perderá o significado pero perde a familia, perde a motivación que a fixo nacer e que a facía transparente e motivada.

Quero deixar constancia deste mérito, se cadra non visible para tódolos lectores, da obra de 2074 páxinas que estou comentando, porque quen non teña en conta estes mecanismos de *implicitación* e de *explicitación* que Valerii Mokienko nos descubriu na fraseoloxía das linguas eslavas (e que agora percibimos que tamén funcionan na fraseoloxía das linguas neolatinas) podería non entender que nunha obra que se titula *Refranes y proverbios grecolatinos* aparezan unidades gregas, latinas ou castelás que non son visiblemente proverbios, senón simples locucións ou (quizais nalgún caso que non lembro) fórmulas. Non digo que tódalas citas castelás que aquí se ofrecen cumpran este requisito de seren na orixe proverbios (discurso repetido, completo, anónimo e exemplarizante), pero digo que

hai bastantes que responden a este fenómeno. E é de agradecer que a erudición do colector non as rexeitase e que, pola contra, as incluíse no lugar que lles corresponde.

Por iso é mérito desta voluminosa obra ofrecernos ordenada toda esa información de historia literaria que está implicitada na nosa locución *la parte del león / a parte do león* para expresa-lo concepto de que, sempre que pode, “*o poderoso oprime ó débil*” e que a ese concepto corresponde a implicación xa latina *leonina societas*. É mérito que nos ofrezca ferramentas para unha visión histórica do material que conforma o pensamento castelán pero tamén galego, catalán, francés, italiano e europeo occidental.

Demoreime neste asunto (obvio, pero non menor) en previsión de que aparezan lectores desta magna obra que tropecen nisto e digan que aquí hai unidades que nin son refráns nin son paremias.

5. Outros exemplos que fornece esta obra

E, se collemos unha idea simple, como os efectos sociais da corrupción, podemos ver que este *Diccionario* recolle outras expresións complementarias.

H6. Hombre-Mujer

H6.1 Hombre

H6.1.1 Igualdad de todas las personas

6676. *NATURA OMNES HOMINES AEQUALES GENUIT* (H. Llorente, 4998). La naturaleza engendró a todos los hombres iguales.

VARIANTES

6677. Ἦσαν δὲ καὶ οὗτοι τῆς αὐτῆς κεραμείας (Ateneo de Náucratis, *El banquete de los eruditos*, XI, 482b). Éstos están hechos de la misma tierra.

6678. *Cum fueris nostrae [...] farinae* (Persio, *Saturae*, V, 115). Puesto que estás hecho de nuestra misma harina (*de la misma pasta*, decimos nosotros).

R6546. Ricos y pobres, todos son hombres (R. M.).

Porque –y así lo dice el refrán de Correas– “en el nacer y en el morir todos somos iguales, aunque no sea en el vivir”.

R6547. De hombre a hombre no hay diferencia (no va nada) (R. M.).

Porque, como también dice el refrán, “ninguno es más que nadie”.

Santo Tomás reconoce en su *Summa* la igualdad de todos los hombres, pero en el estado de gracia. Al llegar el pecado entró la imperfección y, con ella, la esclavitud, que legitima expresamente.

Imaxe 7. Fragmento da páxina 931.

A13.1.25 Amistad y parentesco

1749. *PRAESTAT AMICITIA PROPINQUITATI* (Cicerón, *De amicitia*, 19). Vale más amistad que parentesco.

VARIANTES

1750. *Ἐπεὶ οὐ μὲν τι κασιγνήτοιο χερείων / γίγνεται, ὅς κεν ἑταῖρος ἐὼν πεπνυμένα εἶδῃ* (Homero, *Odisea*, VIII, 585-6). No es inferior a un hermano el compañero dotado de prudencia.
1751. *Νομιζ' ἀδελφοὺς τοὺς ἀληθινοὺς φίλους* (Menandro, *Monosticha*, 523). Considera hermanos a los amigos verdaderos.
1752. *Veros amicos, alteros fratres puta* (Cf. Menandro, *Monosticha*, 523). Considera a los verdaderos amigos como otros hermanos.
1753. [...] *et serves animae dimidium meae* (Horacio, *Carmina*, I, 3, 8). Y preserva a la otra mitad de mi alma.
Se refiere Horacio a su amigo, el poeta Virgilio.
1754. *Amicitia semper prodest, amor aliquando etiam nocet* (Séneca, *Epistulae ad Lucilium*, IV, 35, 1). La amistad siempre beneficia; el amor, a veces, incluso perjudica.
Inmediatamente antes de esta sentencia dice Séneca: “Quien es amigo, ama, pero quien ama, no siempre es amigo”. ¿Por qué? Porque el amor siempre está exigiendo; la amistad, en cambio, dando.
El filósofo francés Jacques Derrida (1930-2004) propuso la amistad como paradigma ideal de las relaciones humanas, por considerar el amor demasiado violento e impredecible.
1755. *Amicus propinquo praestantior* (DRAE, 10ª edición, 1852). Un amigo aventaja a un pariente.
1756. *Amicus animae dimidium meae* (L. Murciego, *Los refranes filosóficos castellanos*, pág. 157). Mi amigo es la mitad de mi alma.
R1551. No hay mejor pariente que el buen amigo (P. V.).
R1552. Más vale un buen amigo, que pariente ni primo (H. N.).
R1553. Más quiero amiga llana que parienta falsa (C.).
Y añade: “Dícenlo mujeres”.
R1554. Más vale un amigo bueno que pariente y medio (C.).
R1555. Amigos, más que hermanos (R. M.).
R1556. La amistad hace más que la sangre (R. M.).
Se corresponde casi literalmente con la paremia 1749 de Cicerón.
R1557. Más deberás al buen amigo que al hermano y al mal hijo (R. M.).
A veces, vale más una buena amistad que el parentesco familiar, sobre todo si la relación resulta perjudicial.

Imaxe 8. Imaxe da páxina 303 que recolle paremias verbo da *Amizade* e o parentesco e tamén verbo da *Amizade gastronómica*.

- R1559. Ese es mi amigo, el que muele en mi molinillo (H. N.).
 R1560. Ése te quiere bien que te da de comer (R. M.).
 R1561. Quien bien me quiere, ése es mi pariente (R. M.).
 R1562. La que por mí se desvela, ésa es mi madre y mi abuela (R. M.).
 R1563. Ese es mi tío que quiere el bien mío; y quien no lo quiere, no es mi pariente (R. M.).

Guarda cierta correspondencia literal con la paremia latina.

Los servicios oportunos son la mejor prueba de amistad. Expresa asimismo que el verdadero amigo es el que procura evitar todo motivo de disgusto.

1758. *AMICITIA MAGNA AEQUIPARATUR COGNATIONI* (L. Volkmar, *Paroemia et Regulae Juris*, 29). Una gran amistad se iguala al parentesco.

VARIANTE

1759. *Benivoli coniunctio animi maxima est cognatio* (P. Siro, B 16). La unión de almas generosas es el mayor parentesco.

- R1564. No hay pariente tal como el amigo en el mal (C.).
 R1565. Más vale amistad que hermandad (R. M.).
 R1566. El amigo, lo escojo yo; el pariente, no (R. M.).
 R1567. Más vale buena amistad que ruin parentesco (R. M.).
 R1568. Hará por ti la amistad lo que la sangre no hará (R. M.).
 R1569. Más vale un buen amigo que un hermano legítimo (R. M.).
 R1570. Lo que ni tu hermano hará contigo, lo hará un amigo (R. M.).

A13.1.26 Amistad de mesa

1760. *PLURES AMICOS MENSA QUAM MENS CONCIPIT* (P. Siro, P 52). Más amigos granjea la mesa que la inteligencia.

Hay un refrán que, aunque difiere de la expresión latina, coincide, sin embargo, en la idea: “A mantel puesto, tendrás amigos ciento; no de tu trato, sino de tu plato” (R. M.).

VARIANTES

1761. *Πολλοὶ τραπεζῶν, οὐ φίλων εἰσὶν φίλοι* (Menandro, *Monosticha*, 682). Muchos hay que son amigos de las mesas, y no de sus amigos.
 1762. *Ζεῖ χύτρα, ζεῖ φιλία* (Zenobio, IV, 12) = *Fervet olla, vivit amicitia*. Hierve la olla, vive la amistad.
 El proverbio aparece en la mayoría de los paremiógrafos griegos.
 1763. *Diffugiunt cadis / cum faece siccatis amici* (Horacio, *Carmina*, I, 35, 26). Los amigos desaparecen al ver ya las heces en las copas.
 1764. *Est autem amicus socius mensae, et non permanebit in die necessitatis* (Vulgata, *Eclesiástico*, 6, 10). Hay amigo que sólo es compañero de mesa y que no permanecerá en el momento de la necesidad.
 1765. *Dum fervet olla, fervet amicitia* (H. Llorente, 2222). Mientras hierve la olla, hierve la amistad.
 R1571. ¿Amigos? De tu pan y de tu trigo (R. M.).

Imaxe 9. Imaxe da páxina 304 que recolle paremias verbo da *Amizade* e o parentesco e tamén verbo da *Amizade gastronómica*.

R1572. Comida acabada, amistad terminada (R. M.).
Otro, equivalente a éste, dice: “Pan comido, no gana amigo” (M. K.).



Amistad de carne y vino no vale un comino.
(*La Ilustración Artística*, nº 1695, 22-VI-1914.
Cuadro de José Benlliure: *Viejos amigos*).

R1573. Vengas en hora buena, si traes la cena (R. M.).

R1574. Luego que tu pan comí, me olvidé de ti (R. M.).

R1575. Amistad de taza de vino, no vale un comino (R. M.).

R1576. El amigo de mesa no permanece en la necesidad: a otra mesa se va (R. M.).
Presenta cierta correspondencia este refrán con la paremia latina 1764 del Eclesiástico (6, 10) e incluso con la paremia griega 1761 de Menandro.

1766. **ERRAT AUTEM, QUI AMICUM IN ATRIO QUAERIT, IN CONVIVIO PROBAT**
(Séneca, *Epistulae ad Lucilium*, II, 19, 11). Se equivoca quien busca un amigo en el zaguán y lo prueba en el convite.

VARIANTE

1767. *Amicitia inter pocula contracta, plerumque vitrea* (Walther, 7166b. Aforismo medieval). La amistad, contraída durante la bebida, casi siempre es frágil como el vidrio.

R1577. Amigo de mesa, poca firmeza (R. M.).

R1578. Higos acabados, pájaros ausentados (R. M.).

Imaxe 10. Imaxe da páxina 305 que recolle paremias verbo da *Amizade* e o parentesco e tamén verbo da *Amizade gastronómica*.

6. Valoración

Non son dos que, cando lle ofrecen un queixo, póñense a contarlle os buratos. Son dos que o agradecen e o saborean. E, como levo uns meses catando este refraneiro grecolatino-español, case acotío e ó vultuntún, podo dicir agora que este queixo ten sabor. Esta obra é das que sempre inspiran gratitude. Poida que estas 2074 páxinas sexan o maior esforzo feito nunca na paremioloxía diacrónica española. Esforzo premiado con magníficos resultados.

Refranes y paremias grecolatinas de Martínez Segura é como unha xigantesca excavación arqueolóxica que pon ó sol o noso descoñecido ou esquecido pasado paremiolóxico grecolatino, latente no noso presente paremiolóxico, e, en consecuencia, pon en cuestión ou relativiza unha pequena parte do que hai anos vimos dicindo do *anonimato* e da *creación anónima* na fraseoparemioloxía como fonte básica (é dicir, principios teóricos básicos admitidos) desta ciencia que se autocualifica de noviña; creación anónima e transmisión oral, que parecía non ver que manexaba un material que, nalgúns casos, se remontaba a vinteito séculos e que, ademais, pendía do uso, pero tamén de moitas xeracións de copistas antigos, medievais modernos e de milleiros de anónimos predicadores. Unha realidade fixada no uso pero que existe porque se repite, que inevitablemente o uso a reelabora e que, polo tanto, ten unha fixación relativa, compatible con reelaboracións perceptibles na diacronía dos séculos. A discretísima aparición deste grandioso corpus diacrónico e comparado conmove unha parte dos alicerces e dos principios teóricos admitidos da paremioloxía e obrigará a revisar, con el na man, os refraneiros das nosas linguas neolatinas para medir e certifica-lo grao de presunto anonimato que poida haber neles.

Refranes y paremias grecolatinas de Martínez Segura é un compendio enciclopédico do mundo clásico e, tamén, do impacto no mundo románico hispano. Abre perspectivas para historiadores das culturas.

6.1. Plan audaz

Dunha obra destas dimensións non podo facer unha valoración simulando que a lin íntegra, porque tería que comprobar antes milleiros de citas, de traducións e de anotacións e iso só é posible usándoa durante anos. Só o conxunto dos usuarios pode despois de varios anos reunir materiais para remitirle un informe detallado ó autor. Por iso, polo ben común, convido a que os usuarios lle fagan chegar ó autor as súas observacións e suxestións.

Podo dicir que levo tres meses consultando, como se fai cun dicionario, curiosidades que me veñen á cabeza. Ouso supoñer que os máis dos usuarios terán unha opinión, máis ou menos, coma esta miña: que esta obra vén para quedar como unha das grandes referencias dos paremiólogos e dos filólogos clásicos hispanos. Supóño, porque das non poucas catas que lle eu fixen, tanto nas fontes gregas, coma nas latinas e nas citas en lingua española, saco sempre a mesma boa impresión: unha obra grandiosa na concepción e no volume; unha obra fiable nos datos; unha obra que encontra e ofrece

unha inmensa cantidade de paralelos entre as citas gregas e latinas, por un lado, e as paremias ou refráns casteláns, polo outro; unha obra mesmo suxestiva para os que temos como materna unha lingua románica diferente.

O autor desta inmensa obra ofrece sempre o nome do probable primeiro usuario documentado. Pero é verosímil que non todo este inmenso repertorio de citas gregas e latinas fosen orixinalmente *refranes y paremias* no sentido máis estrito que hoxe utilizamos para falar do que chamamos *discurso anónimo, repetido e de transmisión exclusivamente oral*. É probable que inicialmente e durante un tempo todas estas unidades gregas ou latinas fosen citas de autor, antepoñéndolle no uso o inciso *como dixo Fulano* ou *Mengana* (*ut Plautus scripsit, ut Cicero dicit, ut apud Vergilium legimus*) co que o autor queda expresamente citado e localizado. Pero, cando a xente empezou primeiro a utilizar no seu propio discurso estas unidades e despois a repetilas (sen nomea-lo autor), é que xa estaban asumidas polos falantes como formas expresivas e comúns de falar ou pensar: esa repetición masiva por parte de xente anónima converteunas en consabidas, anónimas; en fraseoloxismos e paremias de propiedade colectiva; en paremias de patrimonio común.

Durante toda a Idade Media as escolas existentes eran, basicamente, as que en latín funcionaban nos mosteiros e nas catedrais (principais custodios e copistas das obras da cultura grecolatina) e tamén nalgúns pazos e castelos. Cabe supoñer que todas estas unidades eruditas tiveron ademais utilización pública, frecuente e impresiva non só nesas escolas, senón tamén nos discursos, sermóns e confesionarios. Cabe supoñer que, por estas dúas vías, se gravaron no auditorio como citas de valor e xa como ditos anónimos. É verosímil que, pouco e pouco, ese auditorio (convertido xa en falante romance) e tamén os eclesiásticos que percibían o cambio de lingua, empezarían a axeitalos ás nacentes linguas romances, usándoas como cousa consabida en contextos similares.

Sería este último paso, tamén anónimo, o que convertese parte deste material grecolatino (xa erudito) en verdadeiros *refráns* ou *paremias* ou en pauta para novos refráns, xa nados romances, anónimos e xa consabidos de hoxe.

É tamén certo que das paremias e fraseoloxismos casteláns que nesta obra se citan (ou como posibles pervivencias ou como recreacións hispanas) non todas son tradución literal dos equivalentes grecolatinos. A difusión oral das formas romances posiblemente eliminou da circulación numerosos orixinais grecolatinos que ninguén nunca puxera por escrito. Pero, aínda así, o sistema de imaxes e de referencias (e boa parte dos contidos doutrinais das nosas paremias de hoxe) son tan visiblemente semellantes ós do mundo grecolatino, que parece evidente que ou quedaron moitas paremias grecolatinas sen anotar por escrito ou ese sistema de creación aínda segue vivo e activo e segue sendo basicamente o mesmo que estaba vixente na cultura grega e na cultura latina. A diferenza é que, como a nosa vida é curta, raras veces constatamos que naceu unha paremia e, en cambio, na incorporación de neoloxismos e tecnicismos todo nos parece ir a maior velocidade.

Esta antoloxía do pensamento grecolatino que, dende Homero, chega a nós hoxe, formado durante 2800 anos, é unha parte do noso sistema atávico de pensar, sentir e soñar, do noso *software*. Esta obra permítenos ve-lo noso pensamento occidental en perspectiva histórica; permite que nos decatemos de que nós pensamos e sentimos como grecolatinos e como europeos, porque grecolatinas e europeas son as estruturas e as imaxes do noso pensamento.

Este *Diccionario temático comparado de Refranes y Paremias Grecolatinas* é unha obra necesaria pero audaz porque esixía talento e alento. Unha obra que contradí o tópico hispano de improvisación e de inconstancia. Unha obra soñada que espalla luz en diversas direccións. Unha obra ben pensada, que fala do rigor con que hoxe se fai filoloxía e paremioloxía na Península Ibérica. Rafael Martínez Segura entra con esta obra no máis selecto índice que se poida facer de filólogos clásicos e dos paremiólogos españois.

6.2. ¿Tesouro ou material de traballo? Dúas lecturas en direccións contrarias

Esta obra admite varios tipos de consulta ou utilización. Unha **de hoxe a onte**, esculcando qué dicían os nosos devanceiros dos asuntos que hoxe nos interesan e preocupan a nós; tratando de descubrir se existen e cales son os precedentes dos refráns, fórmulas ou locucións castelás (ou romances en xeral) que nós utilizamos hoxe; explorando semellanzas e diferenzas de matices; explorando o grao de verdade que hai tras da opinión de que todo na fraseoloxía e na paremioloxía é anónimo. Ben mirado, cada unidade do corpus de paremias tivo que ter pai ou nai, por moito que do primeiro home ou da primeira muller que o pronunciou case nunca quede memoria. Pero, se a totalidade dos usuarios perderon a noticia dese suposto autor e, se ademais o usan como convicción común, como un pensamento compartido pola sociedade, funciona como unha propiedade comunal e, polo tanto, anónima. Conscientemente xa non é unha cita.

Este dicionario, polo tanto, sempre certifica que tal frase ten un pasado, que aquí podemos recuperar, analizar e gozar pero nunca di quen é o verdadeiro autor ou autora senón quen é o máis antigo usuario ou transmisor coñecido e documentado e cales foron os primeiros e decisivos continuadores. Iso requiriu, sen dúbida, un inmenso e seguramente ingrato traballo de rastreo e de documentación.

E os que, en cambio, queiran ler esta obra en dirección contraria (**de onte a hoxe**) poden percibir e medi-lo grao de inmortalidade da cultura grecolatina, observando milleiros de paremias grecolatinas que están vivas no romance actual, aínda que outras se extinguisen baixo a presión da nova cultura xudaico-cristiá. Esta obra deixa á vista do mundo que o anónimo autor de cada refrán é, realmente, un ser diacrónico e colectivo; permítenos medi-lo alcance da fixación e tamén as limitacións desa fixación (que é dinámica, mesmo por exemplo, entre categorías) (Mokienko, 2000: 27-75); detecta como a inventiva popular reelabora ou rectifica aforismos antigos; trae luces, perspectivas e preguntas novas; abre camiños e suxire tarefas novas (como expandir este traballo ás outras linguas da Península Ibérica), convoca entusiastas semellantes a emprendelas; vén para quedar como referencia para bastante tempo.

Esta obra visualiza traballos semellantes feitos noutras linguas da península ibérica, incluído o éuscaro, lingua non latina pero tan usada e tan defendida polo clero vasco, como mínimo, dende o Concilio de Trento, como demostra a obra de Gotzon Garate⁹.

6.3. Somos fillos da cultura grecolatina

Esta obra de 2073 densas páxinas á que precederon outras algo menores de diferentes investigadores europeos fai visibles os precedentes grecolatinos de tantísimas paremias e fraseoloxismos hispanos, poñendo en cuestión a idea, romántica, do *creador anónimo*, que é habitual. Esta obra volve os nosos ollos ós sermóns das igrexas, que durante séculos foron para millóns de persoas a única oratoria existente, como axente da transmisión e recreación constante de fraseoloxismos e paremias fixadas dende tempos antigos. Tamén volve os nosos ollos ás escolas monásticas e ás escolas catedrais, que copiaron as obras grecolatinas antigas e que formaron moitas xeracións ata que o ensino empezou a ser compromiso firme do Poder Civil. Pero tamén chama a nosa atención sobre a transcendencia dos vendedores das feiras e mercados, e as arengas dos nobres para arrastra-la xente ós seus proxectos.

Quizais a idea contraria, a dun único e anónimo creador de todo este tesouro e maila dunha transmisión ventureira e casual, coma a do pole das plantas, acabe sendo máis parcial e menos razoable; máis inverosímil.

Poucas veces pode un lector nunha especialidade calquera saudar a aparición dunha obra claramente transcendente e claramente diferente a case todo o visto anteriormente entre nós. Este é un deses poucos casos.

7. Utilidade didáctica

O inmenso material paremiolóxico que atesoura este libro deixa á vista boa parte diso tan difuso que chamamos *Europa* e tamén *européo* ou *mentalidade europea*. Deixa á vista tarefas frutíferas que temos pendentes no ensino do grego e no ensino do latín.

Nesta mesma dirección, para min e para outros latinistas galegos foi transcendente un libro, precedente menor deste e que estaba no despacho do profesor de latín do Instituto Concepción Arenal de Ferrol, cando eu cheguei a el no 1975, e que alí deixara un anterior usuario: E. Valentí Fiol. Era o *Flores Sententiarum* de Ernesto Sarasino (L. de Mauri) que tiña 5000 sentencias, proverbios e frases latinas¹⁰. Aquel libro de 1926, con 640 p. de minúscula letra de diccionario, serviunos a un grupo de latinistas galegos para á introdución ó latín. Aquel libro permitiunos darlle un enfoque distinto ó ensino desta lingua aplicando as pautas didácticas de Renzo Titone que en Roma prescribía partir de textos tan breves como cargados de mensaxe. Sen sabermos que este libro se

⁹ Martínez Segura (p. 2073) incorpora aquí 222 refráns recollidos da obra tetralingüe de Gotzon Garate *Atsotitzak. Refranes. Proverbs. Proverbia* (de 1998) que reunira 27 173 refráns (14 458 en éuscaro, 5208 en español, 4045 en inglés e 3462 en latín). A obra a Gotzon Garate tamén tivo 31 anos de elaboración. Hoxe está en acceso libre en internet [<http://www.ametza.com/bbk/htdocs/hasiera.htm>].

¹⁰ Por certo, tamén estaba a extraordinaria colección *Bernat Metge* de textos clásicos grecolatinos con tradución ó catalán.

ía xestar en Andalucía, estábamos en sintonía en Galicia un pequeno grupo de filólogos clásicos, que en 1984 demos un xiro radical ó noso particular ensino do latín (no único curso obrigatorio e, polo tanto, decisivo) no BUP. Fixémolo precisamente a partir das paremias latinas¹¹.

Naturalmente Martínez Segura (p. 1540) tamén cita aquela obra de De Mauri, en reedicións de 1967 e de 1995 (p. 1540), que é un precedente deste de Martínez Segura, moito máis rico en datos e moito máis versátil.

7.1. A *Didáctica Generalis* de Renzo Titone

Un dos grandes renovadores da Didáctica en Europa e América, Renzo Titone (1925-2013), dicíanos en Roma hai agora 54 anos na súa materia (*Didactica Linguarum Classicarum*) que tódolos tratados de Pedagogía se poden resumir en catro conceptos básicos imprescindibles para garanti-lo éxito didáctico (*motivación, gradualidade, individualización e socialización*) e el desenvolveunos en numerosas aulas universitarias de Europa e América, insistindo sempre en que xa os definira na Universidade de París no s. XIII Tommaso d'Aquino. Renzo Titone especificaba que o ensino das linguas clásicas xoga o seu futuro no primeiro curso, porque aí é onde os alumnos, descifrando textos breves pero preñados de mensaxe, poden entusiasmarse coa cultura grecolatina que está na base das nosas culturas nacionais de hoxe. Foi el quen, por primeira vez, nos falou de empeza-lo ensino do latín e do grego polas paremias grecolatinas, precisamente por seren frases breves pero contundentes e máis cargadas de mensaxe que discursos longos que, polas súas dimensións son menos axeitados para empezar, porque neles a mensaxe está menos concentrada e ten un interese menor.

Para as maiorías o interese dun texto é inversamente proporcional ó tamaño dese texto e os alumnos do primeiro ano de latín ou de grego son maioría fronte ós que rematan esa especialidade. Cómpre lembrar que moitas veces a concisión transporta un primor estilístico, coma este case palíndromo: 6092 *Ex malis multis malum quod minimum est, id minimum est malum* (859).

Estou seguro de que o finado Renzo Titone saudaría este monumental *Refranes y Paremias grecolatinas* de Rafael Martínez Segura como un arsenal didáctico, como unha obra imprescindible para tódolos profesores de latín e de grego clásico, maiormente para traballar cos alumnos e alumnas do primeiro e máis delicado curso, porque as súas 1024 paremias gregas e as 10 777 latinas permiten cumprir dous dos catro requisitos didácticos: *motivar* (porque son textos concretos e interesantes) e *graduar* (indo do fácil ó difícil, do ameno ó árido, do coñecido ó descoñecido e do próximo ó remoto). Os outros dous requisitos, *individualizar* (atender persoalmente a cada alumno sempre desde o seu nivel real) e *socializar* (adestralo no traballo en equipo) xa é máis doado. As utilidades didácticas desta obra vanse ir descubrindo nos próximos anos, se os profesores empezan a usala, porque os materiais desta obra non falan só do pasado:

¹¹ COLECTIVO TRASANCOS (1984): *De onte a hoxe. Latín II BUP*. Xunta de Galicia: Santiago de Compostela; 517 páxs. Aquele libro tivera unha edición ciclostilada no curso anterior.

falan da vida dos seres humanos; polo tanto, falan da nosa vida de tódolos días. Estas paremias son latín e grego palpitantes da nosa vida. Isto é o que dá á filoloxía clásica o seu valor etimolóxico, “amor ás palabras”.

7.2. Recursos didácticos para motivar

Esta obra enciclopédica, aínda que non fose máis, xa dota para sempre os profesores de latín e de grego dun repertorio de frases breves, pero cargadas de contido humano, de interese e de mensaxe, que permitirán, se o profesor quere, que o ensino do latín e do grego capte a atención dos alumnos e alumnas dende o primeiro día e que, nalgún caso, os entusiasme e as emocione para sempre.

Nos refráns grecolatinos condénsanse as esperanzas que explican que os clásicos construísen Atenas e Roma, certamente cheas de luces e sombras, pero tamén cidades que soñaron un ser humano construtor dun mundo novo sobre a intelixencia e a xustiza.

Podo dar fe de que con este tipo de textos (refráns ou sentencias grecolatinas) as clases iniciais (por veces tamén as últimas) enchen a aula de vida, porque dende o primeiro día falan do que sabemos e do que vivimos, do que soñamos e do que tememos con frases curtas pero preñadas de significado, de maneira transparente e construtiva. Dou fe de que frecuentemente estes textos sentenciosos (se o profesor pregunta se os comparten ou non) desencadean debates entre os alumnos e alumnas e, se isto para calquera profesor de idiomas é importante (porque os motiva a seguir), para un profesor de latín ou de grego acaba sendo emocionante, vendo que os alumnos e alumnas perciben por que as nosas letras se chaman *humaniores litterae*. Aínda que os máis deles e delas acaben sendo *de ciencias*, como é xusto e necesario, iso deixa para sempre unha referencia mental a que a humanidade somos milleiros de xeracións buscando o pan, a saúde, a xustiza, a verdade e o progreso; deixa unha porta para entrar con pracer e con proveito na cultura expresada nas linguas chamadas clásicas e para examinar, dende aquela distancia e experiencia, a nosa propia sociedade e cultura actual. Se nisto temos éxito, non digo que vaia aumenta-la porcentaxe de futuros filólogos clásicos (que non é o obxectivo didáctico), pero si que lles quedará sempre un remol de afecto á cultura clásica que é raíz e espello das luces e das sombras da nosa sociedade actual. Fraseoloxía e paremioloxía grecolatina son un magnífico recurso didáctico. Coido que o é tamén para tódalas persoas que teñan que falar en público ou escribir para publicar. Este material permite que a didáctica do Grego e do Latín acade a altura da didáctica das linguas modernas.

7.3. Recursos para avanzar gradualmente

Como profesor de latín no ensino medio moitas veces me preguntei de onde procede ese horror espontáneo e maioritario ó latín e ó grego, ese horror que fai que alumnos, que moi ben poderían ser *de letras*, busquen outros camiños precisamente tralo primeiro contacto co latín. Algo delicado acontece na profesión didáctica cando unha materia se converte para moitos alumnos nun sensentido ou nun terror.

Obviamente todos somos distintos, hai moitas e interesantes posibilidades no mundo profesional, que esixen outros saberes e que ofrecen outras oportunidades profesionais e, por suposto, a sociedade precisa máis mariñeiros que pesquen, labregos que produzan alimentos, médicos que curen e arquitectos e obreiros que constrúan casas, do que filólogos clásicos. Pero empezar por textos latinos ou gregos desta concisión, claridade e contundencia non pecha ningunha porta e posiblemente abra outras. Vivín a experiencia de que, traducido un destes refráns, xurdían debates entre os alumnos sobre a verdade ou falacia da paremia; e tardaban en decatarse de que debatían sobre asuntos que lles importaban moito a partir dun texto escrito había dous milenios, pero que comprendían perfectamente.

A didáctica non debe dar saltos ó baleiro, que desubiquen o alumno, porque esa desconexión puntual pode acabar sendo definitiva e perder ese alumno e esa alumna. Por iso, no caso do ensino do latín e do grego era urxente encontrar textos breves e accesibles para tódolos alumnos dende o primeiro ano e non só para os máis brillantes. Eu non sei se era frecuente que disto se falase nas Facultades de Filoloxía Clásica, pero a aparición desta obra parece indicar que si, que se falaba, que se fala e que se traballa nesta dirección.

Ninguén con cabeza pode negar que a didáctica das linguas clásicas precisa unha fonda revisión que valore con sentidío os obxectivos; que os priorice; que, entre outras cousas, asegure que, cando dentro de trinta anos apareza unha obra inédita ou unha inscrición hoxe oculta, haxa preto unha persoa que poida entender algo e que diga que debe conservarse. A brevidade das frases deste inmenso repertorio, sempre preñadas de mensaxe, son un tesouro didáctico porque fan que o ensino vaia do fácil e ameno ós asuntos menos fáciles e menos atractivos.

O profesor que escolme aquí textos atractivos e contundentes para os primeiros e máis decisivos meses do ensino desta lingua, que os gradúe en función de todos e cada un dos segredos da gramática e do léxico latino ou grego que conteñen, encherá a aula de vida e de debate. Ensinará a pensar, sen que os e as alumnas se decaten de que están estudando gramática, porque a ensinará sen facelo, coma un meniño que rompe a falar na lingua materna sen coller na man unha gramática; como se fai co ensino das linguas modernas. Unha alumna que comprenda e saiba utilizar oportunamente unha décima parte destas 10 777 paremias latinas e 1024 paremias gregas merecería entrar directamente a Filoloxía Clásica.

7.4. Recursos para escribir e comunicar

Todo o dito de alumnos e alumnas é aplicable a lectores e lectoras; tamén a todo tipo de públicos. Pero é válido tamén para todo tipo de persoas que teñan que escribir ou falar en público, porque todos algunha vez temos que comunicarnos por escrito ou oralmente con intención de clarificar e convencer. A cantidade enorme de frases sentenciosas desta obra ofrece un arsenal de ideas para escribir; para debater, para ve-la realidade actual desde outra perspectiva.

Naturalmente este grandioso corpus de sentencias grecolatinas non forma un novo dogma que haxa que saír a predicar dende a filoloxía.

As frases ou refráns grecolatinos, que este libro ofrece, xuntan dúas vantaxes: están cargadas de mensaxe e de atractivo (polo tanto, son *motivadoras*) e, por seren breves, permiten *graduar* segundo os contidos gramaticais necesarios para comprendelas. *Motivar e graduar* contidos son os dous primeiros deberes técnicos (pedagóxicos) dun profesor. Este corpus paremiolóxico grecolatino facilita dúas funcións didácticas prioritarias nas materias de latín e grego.

Neste inmenso repertorio de textos breves e interesantes o profesor pode facilmente escolmar e graduar en función dos coñecementos que esixen para, así, ir gradualmente do coñecido ó descoñecido, do próximo ó remoto, do fácil ó difícil, sen darmos saltos que sempre desconectan algún alumno. E non só vale para abrir unha clase, senón tamén para redondeala no remate.

A brevidade dunha frase proverbial é capaz de mover corazóns. Sábese moi ben na publicidade. Os longos discursos dun ditador requiren o soporte dun aparato político e dun exército que impoñan respecto a esas palabras. En cambio unha frase de sete palabras pode mobilizar igual, porque pode dicir máis ca un discurso de cinco horas. Os refráns e as fórmulas son leccións maxistras de condensación; son palabras preñadas, creadoras tamén poden ser electrizantes¹².

O corpus paremiolóxico grecolatino que aquí se ofrece pode e debe modificar para ben o acceso ó estudo da lingua latina e da lingua grega. Para min esta obra era moi necesaria para visibiliza-lo concepto de latinidade e de helenidade do español, para medi-lo grao de penetración noutras culturas non neolatinas nin neohelénicas, pero, sobre todo, para renova-la didáctica das linguas clásicas. Só sinto non tela á man cando fun profesor desas dúas linguas.

7.5. Outras utilidades

As necesidades e as utilidades son as que fan nace-las ferramentas e as obras. E este *Diccionario Temático Comparado de Refranes y Paremias Grecolatinas* de Martínez Segura supera con moito outros anteriores, permite unha lectura lineal, pero tamén temática-ideolóxica, dos temas que persoalmente ou momentaneamente nos interesen, comparando as frases gregas e latinas coas frases castelás máis ou menos sinónimas.

Os tres índices finais diferentes de refráns españois, de paremias latinas e de paremias gregas, sempre coas específicas referencias numéricas, condúcennos en poucos segundos,

¹² Eu aínda acordo os tempos nos que a electricidade chegaba a moi poucas casas e a iluminación era o lume da lareira e un candil no que ardía unha tira de trapo retorcido, permanentemente impregnado de aceite, que se chamaba precisamente *torcida*. Contaban meus pais que nos tempos da República, nun mitin no que un orador utilizaba argumentos un pouco sofistas, alguén dende o público berrou estas sete palabras: ¡*Ésas e as do candil son torcidas!* A dobre condición morfolóxica (substantivo / adxectivo) e o dobre senso (real e metafórico) da *torcida* provocou unha risada tan xeral que desfixo a asemblea. Incluso algúns, polo visto, marcharon comentando que *O que di o que quere, oe o que non quere*.

ó punto exacto no que esa tal paremia aparece rodeada das que expresan un asunto semellante. O deseño da obra permite traxectos diferentes pero moi rápidos de lectura.

Non son un mérito menor desta obra os diferentes índices onomásticos de autores e correspondentes obras gregas (páxs. 2017-2022) e, igualmente, o de autores e correspondentes obras latinas cos números de referencia (páxs. 2023-2053), detallando incluso, nos dous casos, as diferentes obras deses escritores. Isto permítenos saber non só cantas citas hai desa obra, senón tamén o punto exacto no que cada unha delas aparece citada nesta obra con outras semanticamente afíns. Así, por poñer un caso, nas páxs. 2026-2027 vémo-los enlaces numéricos ás 62 citas da *Eneida*, ás 20 das *Bucólicas*, ás 15 das *Xeórxicas* e mesmo á única que hai do Apéndice virxiliano titulado *Aetna*. É difícil atopar unha obra desta complexidade e volume de información que permita, en papel impreso, semellante velocidade de navegación.

Máis alá deste detalle, impresiona o volume da documentación que avala esta obra de 2074 páxinas. Aínda que poida existir, confeso que eu non coñezo ningunha colección paremiolóxica greco-latina-hispana do volume desta de Martínez Segura.

8. Impresión xeral

É ben posible que nunca poida dicir que acabei de ler esta obra, porque realmente é coma un dicionario, pero levo tres meses manexándoa acotío, para diante, para atrás. E das numerosísimas catas que lle fixen saco sempre a mesma impresión de obra audaz, de moito alento; ben pensada, ben feita e ben rematada; obra rigorosa e suxestiva. Moitas veces soñei algo así e con este volume. Felizmente xa o temos na man, polo menos, dende a lingua castelá pero a bibliografía informa de que noutras linguas peninsulares tamén se leva andado camiño, incluído o éuscaro, que non é lingua latina.

Estas 11 300 paremias grecolatinas non son tódalas que usaron gregos e romanos: son as que a casualidade fixo que chegasen escritas a nós pero que, por parte, cadran total ou parcialmente con algunha das 10 983 castelás que seleccionou e emparellou Martínez Segura. Ese dobre filtro explica, por exemplo, que o autor nos diga que de Cervantes non cita os 300 refráns que utilizou (principalmente no *Quixote*) senón só os 155 “que guardan correspondencia con paremias grecolatinas” (p. 80-81).

Todas estas paremias tiveron autor ou autora. Pero a brillantez que teñen aconsellando, describindo ou cualificando unha situación ou comportamento, fixo que o pobo anónimo incorporase moitas delas á súa fala persoal e así acabasen sendo propiedade comunal e anónima ou recreando xa en castelán outras de segunda xeración.

Esta obra ofrece moitas luces sobre como pensaban os gregos e os latinos, como pensaban os nosos devanceiros hispanos e, de rebote, como pensamos nós. Quizais aquí témo-lo mínimo común múltiplo dese pensamento común: ese que vén dende Homero e Sófocles, dende Virxilio e Séneca e que, por obra de moitos devanceiros coma Cervantes e Gonzalo Correas e milleiros de avós e avoas anónimas, aínda hoxe forma parte do noso *sistema operativo* persoal. Un sistema operativo, parcialmente deseñado na antiga Grecia e na

antiga Roma, posteriormente enriquecido aquí coa experiencia cristiá e románica, que nos fai sentir, pensar e soñar dunha determinada maneira que podíamos etiquetar como *europaea*. Aquí podemos ver como pensaron cabezas gregas, latinas e hispanas verbo dos mesmos asuntos que aínda remoemos hoxe no terceiro milenio d.C. Préstase a análises múltiples e, con esta ferramenta azosa, esas análises chegarán. As utilidades desta obra trilingüe vanse ir descubrindo co paso dos anos.

9. Epílogo con dúas felicitacións

9.1. Autor, precedentes e volume do material

Quede dito xa aquí que do autor só coñezo esta obra enciclopédica de 2074 páxinas (en 3 tomos), aínda que, trala lectura, a distancia xeográfica e lingüística non me impide estar en sintonía con el. Sei, polo que encontrei na Rede, que é andaluz de Posadas (Córdoba), perito industrial, historiador, filólogo clásico e, polo visto, amante tamén da música coral. Esta enriquecedora heteroxeneidade de saberes (tan propia desa *Tierra de talento* que é Andalucía) constitúe un capital docente que explota neste libro pluritemático cun único fío condutor: as *frases sentenciosas, os refráns e paremias gregas e latinas* conectadas coa súa supervivencia (ou, polo menos, co seu eco) na cultura actual en lingua española.

Quero resaltar que Rafael Martínez Segura extrae doutro cordobés, Lucio Anneo Séneca (3 a.C.-65 d.C.) unha boa presa de refráns (340) só superado nesa época antiga por Cicerón (367); e tampouco lle esqueceron as 15 paremias de Marco Anneo Lucano (39.65), tamén cordobés e sobriño do anterior.

Con todo, Rafael Martínez Segura xa publicara no 2012 *El derecho en las paremias grecolatinas y españolas* (Córdoba: El Almendro; 592 páxs.). Boto de conta que todo aquel material estará integrado nesta obra magna que agora comento, editada no 2019 pola Diputación de Córdoba, e que, como xa dixen, en 2074 páxinas fai aflorar esas 1024 paremias gregas e 10 777 latinas ordenadas por temas e xerarquizando variantes, pero ofrecendo tamén 11 242 paremias castelás¹³ extraídas dos repertorios dos paremiólogos hispanos. Quizais aquela obra previa de 2012 (que non consulte) explique que estoutra obra leve tamén prólogo dun maxistrado (Jesús Manuel Villegas Fernández), que, no seu prólogo (p. 52), di algo que eu nunca vira tan nítido: que unha frase illada di pouco, pero que *la paremia forma un enunciado que porta en sí mismo su contexto*. Agora entendo que, quizais por iso, son extraíbles dunha situación e aplicables a outras e moi variadas situacións da vida a pesar do paso dos milenios. Son espellos que nos permiten ve-lo que naturalmente non vemos. Por iso estes pensamentos tan breves son citas tan versátiles, manexables e oportunas. A colaboración de persoas de saberes diferentes non suma: xera unha estereofonía que multiplica.

¹³ Esas son as cifras que ofrece no vol. III (índices), pero no corpo da obra, onde paremias gregas e latinas levan unha numeración conxunta, suman 11 300, mentres que os refráns paralelos casteláns só chegan a 10 983. (como se pode ver na páx.1531).

Coma Heinrich Schliemann, que en 1870 empezou a excava-lo couro de Hissarlik e acabou descubriendo o verdadeiro emprazamento da antiga Troia, co Tesouro de Príamo incluído, e confirmando así a verosimilitude histórica dos relatos homéricos, Rafael Martínez Segura, despois de moitos anos de traballo, pon diante dos nosos ollos un tesouro paremiolóxico que, se non me engano, dende a lingua española nunca antes se vira exposto nesta amplitude e nesta correlación coas linguas grega e latina. Este triplo corpus paremiolóxico fainos ver que a paremioloxía castelá que temos na cabeza pode seguir considerándose anónima pero, en certos casos, cuns precedentes de uso documentado que nos levan 2700 anos atrás. Isto inevitablemente relativiza o principio do anonimato.

O paso dos anos vai ir descubriendo novas utilidades desta obra, certamente senlleira, que pola riqueza dos seus materiais e pola grandiosidade do seu volume chega para converterse na referencia da tradición clásica.

9.2. Felicitación á Diputación de Córdoba

Direi despois unhas palabras de felicitación ó autor. Pero, se o autor desta obra xigantesca merece tódolos parabéns, eu quero anticipar unha nota marxinal, que me sae de dentro. Dende Galicia, quero felicita-la Diputación de Córdoba por dous motivos. Primeiro por editar unha obra, que, a pesar de ser *magna*, podería non interesar a unha editora comercial, nestes momentos de vacas fracas para a Filoloxía Clásica; mesmo podería quedar inédita. Pero aquí está xa nas nosas mans e este servizo público está ben cumprido. O segundo motivo é que a Diputación Provincial de Córdoba arredouse dunha práctica sutilmente expropiadora (que debería prohibirse, pero que abusivamente impoñen algunhas editoriais privadas en España e noutros países cando editan un *Diccionario* e só cando se trata dun *Diccionario*): consiste en incrustar, *velis nolis*, o nome da propia Editorial no título, a continuación da palabra *Diccionario*, e eliminar da portada o nome do autor ou autora, que non aparece ata a letra miúda da páxina de créditos (visitada por unha minoría) e as portadiñas interiores (páxinas 3 ou 5) do dicionario. Con isto, que só ousan facer con dicionarios, conseguen que ese dicionario se cite sempre como *o Dicionario da Editorial Tal* ou simplemente como *O Tal*, nunca como *o Dicionario do Autor* ou *da Autora Tal*. Caso algo distinto é o do *Diccionario Akal del Refranero latino* que, aínda incrustando o nome da editorial no título, polo menos consigna tamén na portada o nome do autor *Jesús Cantera Ortiz de Urbina*.

Este exemplo que dá a Diputación de Córdoba (figurando unicamente na segunda portadiña interior e mais na páxina de créditos) é máis limpo, xusto e veraz, conservando a tradición española que nomea os dicionarios polo nome do autor ou autora (*Diccionario latino-español de Raimundo de Miguel* ou *Diccionario de María Moliner*), exemplo que se debía converter en lei para España e para os países da UE. Se algunha vez non é comparable o esforzo económico editorial ó esforzo dun autor é, precisamente, en obras deste rigor e deste alento nas que un autor hipoteca trinta anos da súa vida. Parabéns á Diputación de Córdoba.

Esta obra non é un ensaio teórico; é como unha gran escavación arqueolóxica que pon ó sol o noso pasado, que pon en cuestión unha parte non irrelevante do que vimos dicindo verbo do anonimato da fraseoloxía e da paremioloxía, é dicir, dun dos principios teóricos desta parte da lingüística, tan traballada na sincronía pero menos na diacronía.

Poida que esta obra sexa o maior esforzo de paremioloxía diacrónica (grega, latina e española), dende Homero ata o final do século XX d.C.: 2074 páxinas para uns 2700 anos, sen emitir opinión; deixando ó lector a responsabilidade íntegra de vulgar este inmenso material conceptual que levamos na cabeza. Un corpus lingüístico non se recolle só da transmisión oral actual: parte del vénnos pola lectura que deixa en nós un pouso que acaba sendo tributario do paciente traballo dos copistas medievais. O acueduto de Segovia ou o Teatro de Mérida non son as nosas únicas raíces visibles.

9.3. Felicitación a tódolos devotos da cultura clásica

Temos de incógnito na cabeza un sistema operativo, que funciona aínda que non se ve e que, como esta obra demostra, contén un tesouro fraseolóxico e paremiolóxico. Isto permítenos repetir ditos de Homero sen sabermos que son de Homero ou que xa os utilizou Homero hai 28 séculos. Quen de nós un día exclame *¡De todo se farta un!* verá, se consulta esta obra (974), que esa idea xa está (e máis completa) na *Iliada* (XIII, 636), cando Homero dixo *De todo se farta un, mesmo do sono e do amor* (974). Incluso un galego sen estudos medios coma meu pai, carpinteiro de Moraña, dicía que *O viño dá forza / O viño é a raíz do corpo* e non sabía que estaba citando tamén outro verso da *Iliada* de Homero (VI, 261), que aquí se recolle en 1056 “El vino hace aumentar las fuerzas al hombre que está cansado”.

Levo soñado —como filólogo clásico— unha obra erudita coma esta, pensada e feita na Península Ibérica. Agora, con esta ferramenta, calquera profesor de latín ou de grego pode *docere delectando*. Hoxe son feliz porque xa a temos, cara ó refraneiro castelán e con claras indicacións cara a outras linguas peninsulares. Algún día terá que habela tamén cara a todas, porque a metade do camiño (o grecolatino) xa queda andado.

Estamos ante a máis completa e luminosa aproximación á protohistoria da paremioloxía española e, ata onde eu sei, da románica. Faga quen isto lea unha cata, collendo unha páxina ó vultuntún, e verá que esta miña valoración é prudente. Salvando os lexítimos dereitos de tanto esforzo, o mundo enteiro agradecerá que algún día exista unha edición dixital na Rede desta obra que veu para quedar como unha das referencias internacionais.

A grandiosidade do plan desta obra e a súa meticulosa realización ó longo das 2074 páxinas fala do rigor con que hoxe se fai filoloxía e paremioloxía na Península Ibérica: mesmo dende o Ensino Medio; mesmo combinando dúas filoloxías, a clásica e a románica. Rafael Martínez Segura entrou, con esta obra, no máis selecto índice de filólogos clásicos e de paremiólogos españois. Esta obra chegou para quedar como a referencia diacrónica da paremioloxía española.

Esta obra de grandiosa macroestrutura e de fina microestrutura, que para nós, os lectores, é unha gozosa e repentina noticia e unha ferramenta de utilidade perenne, levoulle ó

autor trinta anos, tal como el confesa na páx. 57. A calidade da obra revela e premia un prolongado esforzo. Tivo que ser un traballo intenso e minucioso, quizais con momentos de desánimo e sen rebaixa da carga docente, pero sostido pola convicción de que crear este produto de calidade, que a partir de agora usaremos todos, era necesario e era posible. Se foi así, esta obra contradí e desmente o tópico do *español improvisador e inconstante*. Hainos, sí, entre nós coma en tódolos países, pero Rafael Martínez Segura, andaluz, filólogo clásico do ensino medio, non lle puxo límite ó tempo necesario para reunir, domesticar e artellar en fina microestrutura ese inmenso material. *Gratias ergo ei quam maximas agamus*.

Poucas obras se publican nun ano en España no mundo das letras que teñan o rigor interno e as numerosas funcionalidades didácticas, históricas e culturais que esta obra ofrece. Aínda que esta obra teña precedentes alóglotas ou precedentes menores entre nós, é unha obra gloriosa que mellora todo o anterior e que honra a paremiografía española (e tamén a filoloxía de España) non só pola amplitude da súa concepción senón tamén polo rigor e maila paciencia beneditina con que se elaborou. Desexo que no eido da fraseoloxía e da paremioloxía en linguas clásicas e en linguas hispanas aparezan, a partir de agora, obras desta transcendencia. Sorpréndeme que no seu momento pasase inadvertida ós eruditos que en Madrid concederon os Premios Nacionais do Ministerio de Cultura. Fraseólogos e filólogos clásicos temos que aplaudirlle ó autor pola súa obra e tamén ó Goberno de Andalucía polo seu olfacto e responsabilidade cultural.

Esta utilísima obra debe estar como recurso didáctico en tódolos Seminarios de Latín e de Grego dos Institutos e Centros de España nos que se ensine a lingua do Lacio ou a de Atenas. *Vere dignum et iustum est, aequum et salutare*. Ningún profesor e ningunha profesora de latín ou de grego poderá xa dicir que estas materias non se poden *docere delectando*. Vento que pasará tempo antes de que esta obra poida xerar outra que a mellore, se non é unha edición dixital. Eu non a verei, pero gustárame saber que a lingua galega algún día tamén se armará cunha armadura coma esta. Vimbios para o cesto non faltan.

10. Unha palabriña final verbo da páxina 9

A última páxina que redacta o escritor dunha obra moi extensa adoita se-la páxina 3 ou 5, porque é nese momento, cando, coma Ulises, regresa a Ítaca despois dunha longa ausencia pola Guerra de Troia e ten conciencia cabal da lonxitude e da dureza do percorrido, da magnitude do aprendido, pero tamén da duración e dos efectos de tan prolongada atención a un traballo secundario e voluntario, ata o punto de que lle ten que ir dando probas personalizadas de que el é realmente Ulises ó seu fillo Telémaco, á criada Euriclea, a seu pai Laertes, á súa esposa Penélope e a todo o mundo. É nese momento cando, por fin, sabe por onde ten que empeza-lo relato.

Tamén eu, lendo sincopadamente esta obra, deixei, coma sempre, para o final as páxinas primeiras, porque só no final a obra nos familiariza co autor para podelas entender. Se na páx.7 o autor manifesta gratitude ás súas fontes (cita bíblica, cita virxiliana e o

Aún aprendo do vello de F. de Goya que camiña apoiado no caxato), nesa páxina 9, o autor dedica o seu longo traballo ó seu núcleo familiar máis íntimo *Como un signo más de amor, a María del Ángel, mi esposa, a mis hijos Marcos y Chelo y a mi nieta Carmen, pues hombre que no ama, no vale nada* (*Nihili est qui nihil amat* “*Nada vale quien nada ama*”). A cita de Plauto bendí esa infraestrutura familiar sen a que estas obras inmensas son irrealizables. Esa cita de Plauto coroa a páxina máis densa e máis concisa desta obra de 2074 páxinas. Este lector únese a esa gratitude.

Referencias bibliográficas

- MOKIENKO, Valerij (2000a): *Fraseoloxía eslava. Manual universitario para a especialidade de lingua e literatura rusas*. Versión galega de Ekaterina Guerbek. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Dispoñible en <http://cirp.gal/w3/publicacions/pub-0052.html>.
- (2000b): *As imaxes da lingua rusa*. Versión galega de Ekaterina Lossik. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Dispoñible en <http://cirp.gal/w3/publicacions/pub-0053.html>.
- SARASINO, Ernesto (L. de Mauri) (1926): *Flores sententiarum. Raccolta di 5.000 sentenze, proverbi e motti latini di uso quotidiano in ordine per materie con le fonti indicate, schiarimenti e la traduzione italiana*. Milán: Ulrico Hoepli.

Xesús Ferro Ruibal

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

<https://orcid.org/0000-0002-3516-2814>

ferro.ruibal@gmail.com

